

## **ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA, RÉXIME INTERNO E FACENDA DO DÍA 22 DE MARZO DE 2024.**

**PRESIDENTE:**

**D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA.**

**VOGAIS:**

**DONA MARÍA ISABEL COUSELO TORRES.  
DONA LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ.  
D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME.  
D. JORGE CUBELA LÓPEZ.  
D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS.  
DONA MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ.  
D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO.  
DONA MARÍA NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ.  
DONA ANA LAURA IGLESIAS GÓNZÁLEZ.  
D. CARLOS GÓMEZ PRADO.  
DONA DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ.  
D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ  
D. GREGORIO LUIS AGÍS GÓMEZ.  
D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN.  
D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO.  
DONA MARÍA MANUELA RODRÍGUEZ PUMAR.**

En Pontevedra, na sala de xuntas do Pazo Provincial, sendo as doce horas do día 22 de marzo de 2024 asisten, baixo a Presidencia de D. Jesús Vázquez Almuiña Presidente da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, as deputadas e deputados que ó marxe se sinalan, membros de dita Comisión, de acordo coa correspondente Orde do Día.

Asisten a Viceinterventora, Dona Susana Escaloni Varela e tamén o Técnico de Administración Xeral en funcións de Secretario Accidental, D. Gabriel Rodríguez Alonso.

Actúa como Secretario, por delegación do Sr. Secretario Xeral, Don José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do

Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Aberta a sesión, adoptáronse os seguintes acordos:

### **1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA REUNIÓN ANTERIOR DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA, RÉXIME INTERNO E FACENDA, DO DÍA 16 DE FEBREIRO DE 2024. (EXPTE.-2023057599).**

Sometido a votación o asunto, aprobase a acta da reunión anterior correspondente ao día 16 de febreiro de 2024, coa maioría dos votos a favor das Deputadas e Deputados asistentes a citada reunión.

O Deputado, Paco Ferreira González e a Deputada, Luisa María Sánchez Méndez, manifestan a vontade de absterse debido a que foron nomeados novos membros da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda con posterioridade a data de celebración da mesma.



## **2. PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.(EXPT.-2024018587).**

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre o nomeamento de representante da Deputación en órganos colexiados asinada polo Presidente da Deputación, D. Luis López Diéguez, con data 18 de marzo de 2024, cuxo contido é o seguinte:

*“Dada conta que en sesión plenaria de 13 de marzo de 2024 tomou posesión como deputada provincial Luisa María Sánchez Méndez en substitución da anterior deputada e Vicepresidenta Marta María Fernández-Tapias Núñez, que renunciou a dito cargo (sesión plenaria de 23 de febreiro de 2024).*

*Resultando que en sesión de 4 de agosto de 2023 aprobouse Moción da Presidencia sobre nomeamento da representantes da Deputación en órganos colexiados, polo que agora procede modificala debido a substitución producida.*

*Considerando que corresponde ó Pleno a designación de representantes da Corporación en órganos colexiados de conformidade co disposto no art. 58, c) do RD 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.*

*Por iso, a Presidencia somete á consideración do Pleno a adopción do seguinte acordo:*

*“Designase á deputada e Vicepresidenta segunda desta Deputación provincial, Luisa María Sánchez Méndez, como representante da mesma nos seguintes organismos:*

|                                                          |                                                                          |
|----------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------|
| COMISIÓN TERIRITORIAL DO PATRIMONIO HISTÓRICO            | Titular: Luisa María Sánchez Méndez<br>Suplente: Rafael Domínguez Artime |
| CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDAD E INMOBILIARIA DE VIGO | Luisa María Sánchez Méndez                                               |
| CONSORCIO ZONA FRANCA DE VIGO                            | Luisa María Sánchez Méndez                                               |
| CLUB FINANCIERO DE VIGO, S.A.                            | Luisa María Sánchez Méndez                                               |
| FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL “AFUNDACIÓN”               | Luisa María Sánchez Méndez                                               |
| FUNDACIÓN LAXEIRO                                        | Luisa María Sánchez Méndez                                               |



|                                                                                               |                                   |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------|
| <i>INSTITUTO FEIRA DE VIGO (IFEVI)</i>                                                        | <i>Luisa María Sánchez Méndez</i> |
| <i>PADROADO DO PARQUE NACIONAL<br/>MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS<br/>ATLÁNTICAS DE GALICIA</i> | <i>Luisa María Sánchez Méndez</i> |

”.

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo asinada con data 18 de marzo de 2024 polo Presidente da Deputación, D. Luis López Diéguez.

O resultado da votación foi o seguinte:

- 1. Votos a favor: (9)**, nove do grupo provincial do Partido Popular.
- 2. Votos en contra: (0)**, ningún.
- 3. Abstencións: (8)**, sendo seis (6) do grupo provincial do PSG-PSOE e dúas (2) do grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposta de acordo relativa ao nomeamento de representante da Deputación en órganos colexiados, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular e coas abstencións das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE e do BNG.

**3. PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA RELATIVA Á AMPLIACIÓN DA RELACIÓN DE CARGOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA. (EXPTE.-2024018612 – 2023051178).**

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo relativa á ampliación da relación de cargos con dedicación exclusiva, asinada polo Presidente da Deputación, D. Luis López Diéguez, con data 19 de marzo de 2024, cuxo contido é o seguinte:

*“De conformidade co disposto nos artigos 75, 75 bis e 75 ter da Lei 7/85, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LBRL), 225 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de administración local de Galicia e 13 do Real decreto 2568/86, de 28 de novembro, pola que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das*



*entidades locais (ROF), PROPONSE ao Pleno da Corporación Provincial a aprobación da presente MOCIÓN na que se amplía a relación de cargos co réxime de dedicación exclusiva e se determinan as súas retribucións.*

*O número e retribucións desta ampliación detállase no seguinte cadro:*

| Grupo Político | CARGO                | Nº | % Dedicación | RETRIBUCIÓN ANO | RETRIBUCIÓN 01/04/2024-31/12/2024 | Custo Patronal 01/04/2024-31/12/2024 |
|----------------|----------------------|----|--------------|-----------------|-----------------------------------|--------------------------------------|
| PP             | Dedicación exclusiva | 1  | 100%         | 69.541,13 €     | 44.704,98 €                       | 14.011,38 €                          |

*A asignación desta dedicación terá efectos dende a data de aceptación do cargo.*

*O nomeamento do membro da Corporación para este cargo deberán ser aceptado expresamente tal e como dispón o citado artigo 13 do ROF. De ser así terá que comunicarse esta circunstancia ó Pleno na seguinte sesión ordinaria.*

*O custo total do período comprendido entre o 01/04/2024 e o 31/12/2024 ascende a 44.704,98 € en concepto de retribucións e a 14.011,38 € en concepto de seguridade social, cantidades que se imputarán ás aplicacións orzamentarias 24/900.9120.100.00 e 24/900.9120.160.01.*

*Unha vez aprobado o réxime de dedicación exclusiva corresponde ó Presidente o nomeamento do membro da Corporación que pasará a desempeñar o devandito cargo.*

*Este acordo será publicado na forma prevista no apartado 5 do artigo 75 da LBRL, e no portal de transparencia da Deputación, en cumprimento do estipulado no artigo 8.1 f) da Lei 19/2013 de 9 de decembro.”*

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo asinada con data 19 de marzo de 2024 polo Presidente da Deputación, D. Luis López Diéguez.

O resultado da votación foi o seguinte:

- 1. Votos a favor: (9)**, nove do grupo provincial do Partido Popular.
- 2. Votos en contra: (6)**, seis do grupo provincial do PSG-PSOE.
- 3. Abstencións: (2)**, dúas do grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego.



A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposta de acordo relativa á ampliación da relación de cargos con dedicación exclusiva, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular, cos votos en contra das Deputadas e Deputados do grupo provincial do PSG-PSOE, e coas abstencións das Deputadas e Deputados do grupo provincial do BNG.

**4. DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO CONCELLO DE PORRIÑO PARA DESENVOLVER AS FACULTADES DE XESTIÓN, RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA E INSPECCIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓN DE TRANSPORTE E DISTRIBUCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS E SIMILARES. (EXPTES.- 2024008550-2023075412).**

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre a delegación de competencias efectuada polo Concello de Porriño na Deputación de Pontevedra para desenvolver as facultades de xestión, recadación voluntaria e executiva e inspección da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos e similares, asinada con data 19 de febreiro de 2024 polo Tesoureiro e polo Deputado Delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación, cuxo contido é o seguinte:

*“O Pleno do Concello do Porriño na sesión que tivo lugar o día 27 de setembro de 2023 acordou delegar na Deputación Provincial de Pontevedra as facultades de xestión, recadación voluntaria e executiva e inspección da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos ou similares nos termos que constan na certificación do acordo remitido polo mesmo a esta Deputación Pontevedra – ORAL e que consta no expediente.*

*O artigo 7 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, de acordo co establecido nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, prevé que as entidades locais poidan delegar as facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación dos seus tributos e demais ingresos de dereito público nas entidades locais en cuxo territorio estean integradas, mediante acordos plenarios de delegación e aceptación e a súa posterior publicación nos boletíns oficiais da provincia e da comunidade autónoma.*

*Polo Servizo de Recadación, Servizo de Inspección, Servizo de Xestión de Recursos Públicos, Servizo Xurídico do ORAL e Servizo de Intervención da Deputación de Pontevedra – ORAL, emitíronse informes favorables relativos á aceptación desta delegación.*



*De acordo coa proposta emitida pola Tesourería e de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, o Pleno da Deputación*

#### **ACORDA**

*PRIMEIRO.- Aceptar a delegación das facultades de xestión, recadación voluntaria e executiva e inspección da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos ou similares efectuada polo Concello do Porriño, segundo Acordo do Pleno do citado concello adoptado na sesión que tivo lugar o 27 de setembro de 2023, nos termos reflectidos no referido acordo.*

*SEGUNDO.- A delegación sométese ás condicións establecidas na normativa aprobada polo Pleno da Deputación Provincial: Ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos, Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL), Ordenanza reguladora das relacións interadministrativas consecuencia da delegación de competencias ou encomenda de funcións na Deputación Provincial de Pontevedra aprobada definitivamente pola Deputación e publicada no BOPPO en data 14 de xuño de 2023 e demais disposicións de pertinente aplicación ou, no seu caso, a normativa que por imperativo legal ou por razóns organizativas a substitúa.*

*TERCEIRO.- Dar conta ao Concello do Porriño do contido integro deste Acordo.*

*CUARTO.- Facer público este Acordo de delegación mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, tal como determina o artigo 7.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.”*

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo sobre delegación de competencias efectuada polo Concello de Porriño na Deputación de Pontevedra para desenvolver as facultades de xestión, recadación voluntaria e executiva e inspección da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos e similares, asinada con data 19 de febreiro de 2024 polo Tesoureiro e polo Deputado Delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación.

O resultado da votación foi o seguinte:

- 1. Votos a favor: (17)**, sendo nove (9) do grupo provincial do Partido Popular (6) do grupo provincial do PSG-PSOE e dous (2) do grupo provincial do BNG.



**2. Votos en contra: (0), ningún.**

**3. Abstencións: (0), ningunha.**

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposta de acordo sobre a delegación de competencias efectuada polo Concello de Porriño na Deputación de Pontevedra para desenvolver as facultades de xestión, recadación voluntaria e executiva e inspección da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos e similares, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do Partido Popular do PSG-PSOE e do BNG.

**5. DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO CONCELLO DE SANXENXO PARA DESENVOLVER AS FACULTADES DE XESTIÓN, RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA E INSPECCIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE E DISTRIBUCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS OU SIMILARES. (EXPTES.-2024008558-2024001131).**

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre a delegación de competencias efectuada polo Concello de Sanxenxo na Deputación de Pontevedra para desenvolver as facultades de xestión, recadación voluntaria e executiva e inspección da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos e similares, asinada con data 21 de febreiro de 2024 polo Tesoureiro e en data 23 de febreiro de 2024 polo Deputado Delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación, cuxo contido é o seguinte:

*“O Pleno do Concello de Sanxenxo na sesión que tivo lugar o día 29 de decembro de 2023 acordou delegar na Deputación Provincial de Pontevedra as facultades de xestión, recadación voluntaria e executiva e inspección da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos ou similares nos termos que constan na certificación do acordo remitido polo mesmo a esta Deputación Pontevedra – ORAL e que consta no expediente.*

*O artigo 7 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, de acordo co establecido nos artigos*



*106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, prevé que as entidades locais poidan delegar as facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación dos seus tributos e demais ingresos de dereito público nas entidades locais en cuxo territorio estean integradas, mediante acordos plenarios de delegación e aceptación e a súa posterior publicación nos boletíns oficiais da provincia e da comunidade autónoma.*

*Polo Servizo de Recadación, Servizo de Inspección, Servizo de Xestión de Recursos Públicos, Servizo Xurídico do ORAL e Servizo de Intervención da Deputación de Pontevedra – ORAL, emitíronse informes favorables relativos á aceptación desta delegación.*

*De acordo coa proposta emitida pola Tesourería e de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, o Pleno da Deputación*

**ACORDA**

*PRIMEIRO.- Aceptar a delegación das facultades de xestión, recadación voluntaria e executiva e inspección da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos ou similares efectuada polo Concello de Sanxenxo, segundo Acordo do Pleno do citado concello adoptado na sesión que tivo lugar o 29 de decembro de 2023, nos termos reflectidos no referido acordo.*

*SEGUNDO.- A delegación sométese ás condicións establecidas na normativa aprobada polo Pleno da Deputación Provincial: Ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos, Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL), Ordenanza reguladora das relacións interadministrativas consecuencia da delegación de competencias ou encomenda de funcións na Deputación Provincial de Pontevedra aprobada definitivamente pola Deputación e publicada no BOPPO en data 14 de xuño de 2023 e demais disposicións de pertinente aplicación ou, no seu caso, a normativa que por imperativo legal ou por razóns organizativas a substitúa.*

*TERCEIRO.- Dar conta ao Concello de Sanxenxo do contido integro deste Acordo.*

*CUARTO.- Facer público este Acordo de delegación mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, tal como determina o artigo 7.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.”*

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo sobre delegación de competencias efectuada polo Concello de Sanxenxo na Deputación de Pontevedra para



desenvolver as facultades de xestión, recadación voluntaria e executiva e inspección da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalación de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos e similares, asinada con data 21 de febreiro de 2024 polo Tesoureiro e en data 23 de febreiro de 2024 polo Deputado Delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación.

O resultado da votación foi o seguinte:

1. **Votos a favor: (17)**, sendo nove (9) do grupo provincial do Partido Popular (6) do grupo provincial do PSG-PSOE e dous (2) do grupo provincial do BNG.
2. **Votos en contra: (0)**, ningún.
3. **Abstencións: (0)**, ningunha.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposta de acordo sobre a delegación de competencias efectuada polo Concello de Sanxenxo na Deputación de Pontevedra para desenvolver as facultades de xestión, recadación voluntaria e executiva e inspección da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalación de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos e similares, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do Partido Popular do PSG-PSOE e do BNG.

**6. DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO CONCELLO DE SILLEDA PARA DESENVOLVER AS FACULTADES ÍNTEGRAS DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (IVTM), QUE INCLÚE A FACULTADE DE LIQUIDACIÓN PREVIA Á PRIMEIRA MATRICULACIÓN. (EXPTE.- 2024008559-2024006361).**

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre a delegación de competencias efectuada polo Concello de Silleda na Deputación de Pontevedra para desenvolver as facultades íntegras de xestión tributaria e recadación do imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM), que inclúe a facultade de liquidación previa á primeira matriculación, asinada con data 22 de febreiro de 2024 polo Tesoureiro e en data 27 de febreiro de 2024 polo Deputado Delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación, cuxo contido é o seguinte:



*“O Pleno do Concello de Silleda na sesión que tivo lugar o día 25 de xaneiro de 2024 acordou delegar na Deputación Provincial de Pontevedra as facultades íntegras de xestión tributaria e recadación do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM), que inclúe a facultade de liquidación previa á primeira matriculación, nos termos que constan na certificación do acordo remitido polo mesmo a esta Deputación Pontevedra – ORAL e que consta no expediente.*

*O artigo 7 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, de acordo co establecido nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, prevé que as entidades locais poidan delegar as facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación dos seus tributos e demais ingresos de dereito público nas entidades locais en cuxo territorio estean integradas, mediante acordos plenarios de delegación e aceptación e a súa posterior publicación nos boletíns oficiais da provincia e da comunidade autónoma.*

*Polo Servizo de Xestión, Servizo Xurídico e Servizo de Intervención da Deputación de Pontevedra – ORAL, emitíronse informes favorables relativos á aceptación desta delegación.*

*De acordo coa proposta emitida pola Tesourería e de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, o Pleno da Deputación*

## **ACORDA**

*PRIMEIRO.- Aceptar a delegación das facultades íntegras de xestión tributaria e recadación do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM), que inclúe a facultade de liquidación previa á primeira matriculación, efectuada polo Concello de Silleda, segundo Acordo do Pleno do citado concello adoptado na sesión que tivo lugar o 25 de xaneiro de 2024, nos termos reflectidos no referido acordo.*

*SEGUNDO.- A delegación sométese ás condicións establecidas na normativa aprobada polo Pleno da Deputación Provincial: Ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos, Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL), Ordenanza reguladora das relacións interadministrativas consecuencia da delegación de competencias ou encomenda de funcións na Deputación Provincial de Pontevedra aprobada definitivamente pola Deputación e publicada no BOPPO en data 14 de xuño de 2023 e demais disposicións de pertinente aplicación ou, no seu caso, a normativa que por imperativo legal ou por razóns organizativas a substitúa.*

*TERCEIRO.- Dar conta ao Concello de Silleda do contido integro deste Acordo.*

*CUARTO.- Facer público este Acordo de delegación mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, tal como determina o artigo*



*7.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.”*

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo sobre delegación de competencias efectuada polo Concello de Silleda na Deputación de Pontevedra para desenvolver as facultades íntegras de xestión tributaria e recadación do imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM), que inclúe a facultade de liquidación previa á primeira matriculación, asinada con data 22 de febreiro de 2024 polo Tesoureiro e en data 27 de febreiro de 2024 polo Deputado Delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación.

O resultado da votación foi o seguinte:

1. **Votos a favor: (17)**, sendo nove (9) do grupo provincial do Partido Popular (6) do grupo provincial do PSG-PSOE e dous (2) do grupo provincial do BNG.
2. **Votos en contra: (0)**, ningún.
3. **Abstencións: (0)**, ningunha.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposta de acordo sobre a delegación de competencias efectuada polo Concello de Silleda na Deputación de Pontevedra para desenvolver as facultades íntegras de xestión tributaria e recadación do imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM), que inclúe a facultade de liquidación previa á primeira matriculación, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do Partido Popular, do PSG-PSOE e do BNG.

7. **DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO CONCELLO DE VALGA PARA DESENVOLVER AS FACULTADES DE INSPECCIÓN DA LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DA TAXA POR TENDIDOS, TUBERÍAS E GALERÍAS PARA AS CONDUCCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA, AUGA, GAS OU CALQUERA OUTRO FUIDO INCLUÍDOS OS POSTES PARA LIÑAS, CABLES, PALOMITAS, CAIXAS DE AMARRE DE DISTRIBUCIÓN OU DE REXISTRO, TRANSFORMADORES, RAÍS, BÁSCULAS, APARATOS PARA A VENDA AUTOMÁTICA E OUTROS ANÁLOGOS QUE SE ESTABLEZAN SOBRE VÍAS**



**PÚBLICAS OU OUTROS TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL OU  
VOEN SOBRE OS MESMOS. (EXPTE.- 2024008560-2023076975).**

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre a delegación de competencias efectuada polo Concello de Valga para desenvolver as facultades de inspección da liquidación provisional da taxa por tendidos, tuberías e galerías para as conduccións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído incluídos os postes para liñas, cables, palomitas, caixas de amarre de distribución ou de rexistro, transformadores, raís, básculas, aparatos para a venda automática e outros análogos que se establezan sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal ou voen sobre os mesmos, asinada con data 19 de febreiro de 2024 polo Tesoureiro e polo Deputado Delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación, cuxo contido é o seguinte:

*“O Pleno do Concello de Valga na sesión que tivo lugar o día 21 de decembro de 2023 acordou delegar na Deputación Provincial de Pontevedra as facultades de Inspección da Liquidación provisional da Taxa por tendidos, tuberías e galerías para as conduccións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído incluídos os postes para liñas, cables, palomillas, caixas de amarre de distribución ou de rexistro, transformadores, raís, básculas, aparatos para a venda automática e outros análogos que se establezan sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal ou voen sobre os mesmos nos termos que constan na certificación do acordo remitido polo mesmo a esta Deputación Pontevedra – ORAL e que consta no expediente.*

*O artigo 7 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, de acordo co establecido nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, prevé que as entidades locais poidan delegar as facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación dos seus tributos e demais ingresos de dereito público nas entidades locais en cuxo territorio estean integradas, mediante acordos plenarios de delegación e aceptación e a súa posterior publicación nos boletíns oficiais da provincia e da comunidade autónoma.*

*Polo Servizo de Inspección, Servizo de Recadación, Servizo Xurídico do ORAL e Servizo de Intervención da Deputación de Pontevedra – ORAL, emitíronse informes favorables relativos á aceptación desta delegación.*

*De acordo coa proposta emitida pola Tesourería e de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, o Pleno da Deputación*

**ACORDA**

**PRIMEIRO.-** *Aceptar a delegación das facultades de Inspección da Liquidación provisional da Taxa por tendidos, tuberías e galerías para as conduccións de enerxía*



*eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído incluídos os postes para liñas, cables, palomillas, caixas de amarre de distribución ou de rexistro, transformadores, raís, básculas, aparatos para a venda automática e outros análogos que se establezan sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal ou voen sobre os mesmos efectuada polo Concello de Valga, segundo Acordo do Pleno do citado concello adoptado na sesión que tivo lugar o día 21 de decembro de 2023, nos termos reflectidos no referido acordo.*

*SEGUNDO.- A delegación sométese ás condicións establecidas na normativa aprobada polo Pleno da Deputación Provincial: Ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos, Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL), Ordenanza reguladora das relacións interadministrativas consecuencia da delegación de competencias ou encomenda de funcións na Deputación Provincial de Pontevedra aprobada definitivamente pola Deputación e publicada no BOPPO en data 14 de xuño de 2023 e demais disposicións de pertinente aplicación ou, no seu caso, a normativa que por imperativo legal ou por razóns organizativas a substitúa.*

*TERCEIRO.- Dar conta ao Concello de Valga do contido integro deste Acordo.*

*CUARTO.- Facer público este Acordo de delegación mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, tal como determina o artigo 7.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.”*

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo sobre delegación de competencias efectuada polo Concello de Valga para desenvolver as facultades de inspección da liquidación provisional da taxa por tendidos, tuberías e galerías para as conducións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído incluídos os postes para liñas, cables, palomitas, caixas de amarre de distribución ou de rexistro, transformadores, raís, básculas, aparatos para a venda automática e outros análogos que se establezan sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal ou voen sobre os mesmos, asinada con data 19 de febreiro de 2024 polo Tesoureiro e polo Deputado Delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación.

O resultado da votación foi o seguinte:

- 1. Votos a favor: (17)**, sendo nove (9) do grupo provincial do Partido Popular (6) do grupo provincial do PSG-PSOE e dous (2) do grupo provincial do BNG.



**2. Votos en contra: (0), ningún.**

**3. Abstencións: (0), ningunha.**

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposta de acordo sobre a delegación de competencias efectuada polo Concello de Valga para desenvolver as facultades de inspección da liquidación provisional da taxa por tendidos, tuberías e galerías para as conduccións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fuido incluídos os postes para liñas, cables, palomitas, caixas de amarre de distribución ou de rexistro, transformadores, raís, básculas, aparatos para a venda automática e outros análogos que se establezan sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal ou voen sobre os mesmos, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do Partido Popular do PSG-PSOE e do BNG.

**8. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN INTEGRAL DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (EXPTE.- 2024018619 – 2023001036).**

O Presidente da Comisión comenta que con respecto á documentación do expediente para contratación do servizo de conservación integral da rede viaria desta Deputación posta a disposición das Deputadas e Deputados da Comisión detectouse un erro aritmético no prego de cláusulas administrativas particulares, concretamente no apartado 5.d . GRUPO I, referente ós fitos de facturación, procedeuse a correxir as cantidades quedando as mesmas da seguinte maneira:

| GRUPO I |             |
|---------|-------------|
| LOTE 1  | 85.746,95 € |
| LOTE 2  | 83.873,11 € |
| LOTE 3  | 84.227,01 € |

Esta corrección produce que o prego de cláusulas administrativas particulares varíe o seu CSV, quedando como definitivo aquel ó que se lle asignou no expediente o CSV: SCAPMDBNNAUWPJQ8.



A continuación o Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre a aprobación do expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra, asinada con data 19 de marzo de 2024 polo Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio e pola Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, cuxo contido é o seguinte:

*“Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.*

*Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.*

*Resultando.- Que na actualidade, unha parte da conservación e mantemento da rede de estradas da Deputación de Pontevedra lévase a cabo por medio de persoal funcionario e laboral con medios da propia Deputación, o que propicia en certas ocasións algunhas deficiencias no servizo debido á insuficiencia na actual dotación de medios, o incremento das necesidades das estradas e a maior demanda do usuario en canto ás prestacións que deben reunir este tipo de infraestruturas.*

*Resultando.- Que nos últimos anos, dado que a dotación orzamentaria de medios humanos non cubría as necesidades de conservación nas estradas provinciais, a Deputación de Pontevedra decide iniciar unha transformación do servizo de conservación e mantemento das estradas provinciais, optando por contratos de apoio á conservación e mantemento que permitan resolver os problemas de flexibilidade e falta de recursos e buscar unha maior especialización.*

*Resultando.- Que actualmente, os contratos de conservación en vigor para a conservación e mantemento da rede de estradas da Deputación de Pontevedra son: Servizo de conservación ordinaria da rede viaria da Deputación de Pontevedra, Servizo de mantemento, atención a incidencias e vialidade invernal da rede viaria da Deputación de Pontevedra e Subministración de materiais e maquinaria na rede viaria da Deputación de Pontevedra.*

*Resultando.- Que nesta liña, dado que os medios propios son cada vez máis insuficientes para as necesidades requiridas, faise necesario contratar un servizo de conservación integral da rede viaria, que se dividirá en tres lotes, un por cada zona na que se atopa dividida a rede de estradas a efectos de conservación e mantemento, norte, centro e sur.*



*Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, que consta no expediente con CSV: JSGWF2RJK1ZGN0E, solicitando iniciar a tramitación do expediente de contratación para a contratación do “Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra”.*

*Resultando.- Que se propón a seguinte división por motivos funcionais, xa que toda a conservación de estradas está organizada en 3 zonas, Norte, Centro e Sur, optimizando así tamén tanto os recursos humanos (Enxeñeiro de Zona, Coordinador de Brigadas, Vixiantes e Brigadas) como os contratos necesarios (seguridade e saúde, control de calidade, etc.). sendo a distribución dos lotes e dos seus importes anuais, os seguintes:*

| Número   | Denominación           | CPV                                                                                                          | IMPORTE         |
|----------|------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------|
| Lote nº1 | Norte (Zonas 3,7 y 9)  | 50230000- Servizos de reparación, mantemento e Servizos asociados relacionados con estradas e outros equipos | 13.920.009,00 € |
| Lote nº2 | Centro (Zonas 1,2 y 4) | 50230000- Servizos de reparación, mantemento e Servizos asociados relacionados con estradas e outros equipos | 13.013.475,68 € |
| Lote nº3 | Sur (Zonas 5 e 8)      | 50230000- Servizos de reparación, mantemento e Servizos asociados relacionados con estradas e outros equipos | 11.938.635,90 € |

*Resultando.- Que segundo se recolle no PCAP, prevese que este contrato terá unha duración de catro anos, podendo prorrogarse unha única vez, por un período de un ano.*

*Resultando.- Que a financiación deste contrato, estimando como data de inicio do mesmo do día 01/09/2024 queda distribuída por anualidades da seguinte forma:*

| Anualidade | Lote1           | Lote 2          | Lote 3          | Importe total (IVE incluído) |
|------------|-----------------|-----------------|-----------------|------------------------------|
| 2024       | 1.160.000,75 €  | 1.084.456,31 €  | 994.886,32 €    | 3.239.343,38 €               |
| 2025       | 3.480.002,25 €  | 3.253.368,92 €  | 2.984.658,97 €  | 9.718.030,15 €               |
| 2026       | 3.480.002,25 €  | 3.253.368,92 €  | 2.984.658,97 €  | 9.718.030,15 €               |
| 2027       | 3.480.002,25 €  | 3.253.368,92 €  | 2.984.658,97 €  | 9.718.030,15 €               |
| 2028       | 2.320.001,50 €  | 2.168.912,61 €  | 1.989.772,65 €  | 6.478.686,77 €               |
| TOTAL      | 13.920.009,00 € | 13.013.475,68 € | 11.938.635,90 € | 38.872.120,59 €              |

*Sendo os valores estimados dos lotes os seguintes:*



|                | Lote 1          | Lote 2          | Lote 3          | TOTAL           |
|----------------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|
| VALOR ESTIMADO | 14.380.174,59 € | 13.443.673,24 € | 12.333.301,54 € | 40.157.149,37 € |

*Resultando.- Que pola Intervención emitíronse os seguintes documentos RC:*

| LOTE | NUMERO OPERACION | APLICACION ORZAMENTARIA | IMPORTE        |
|------|------------------|-------------------------|----------------|
| 1    | 202400069222     | 24/456.4530.210.00      | 1.160.000,75 € |
| 2    | 202400069225     | 24/456.4530.210.00      | 1.084.456,31 € |
| 3    | 202400069226     | 24/456.4530.210.00      | 994.886,32 €   |

*Resultando.- Que consta no expediente memoria xustificativa emitida polo Xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación con procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto recollido no artigo 131.2 da LCSP.*

*Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 77R5OVO8F2LT08YLo preceptivo informe emitido polo Secretario Xeral da Deputación, recollendo o seguinte: "...Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001 informándose favorablemente"...*

*Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 1TTWNFB UW5V2TD96, informe de fiscalización do expediente. O citado informe recolle unha serie de observacións e recomendacións a ter en conta.*

*Resultando.- Que consta no expediente con CSV: VN4HCVX2WRARIL6B informe emitido conxuntamente pola xefa de xestión do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais e de Cesar Paredes Rodríguez, enxeñeiro adscrito á dito servizo, onde se recollen todas a aclaracións ás observacións e recomendacións do informe de fiscalización.*

*Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: "A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante"*

*Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.*

*Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que "Completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita*



*resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”*

*Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..”*

*Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “ A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”*

*Considerando.- Que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no seu apartado 2, establece que corresponde ó Pleno actuar coma órgano de contratación neste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.3 onde figura que lle compete ó Pleno a disposición e autorización dos gastos precisos para o presente expediente de contratación.*

*O Pleno de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda acorda:*

- 1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto do contrato de “Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra” cun orzamento base de licitación de 38.872.120,58 € IVE engadido, de acordo co seguinte detalle:*

|                           | Lote 1          | Lote 2          | Lote 3          |
|---------------------------|-----------------|-----------------|-----------------|
| Importe (Sen IVE)         | 11.504.139,67 € | 10.754.938,58 € | 9.866.641,24 €  |
| IVE (21 %)                | 2.415.869,33 €  | 2.258.537,10 €  | 2.071.994,66 €  |
| Orzamento base licitación | 13.920.009,00 € | 13.013.475,68 € | 11.938.635,90 € |

- 2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas ó que se lle asignou o CSV: P87R9K1A6UEL84R2 e os de prescricións técnicas cos seguintes CSV:*

| LOTE 1           | LOTE 2           | LOTE 3           |
|------------------|------------------|------------------|
| O5W3DDP3S7WS6LJI | OK547W7NZ2SSV1RB | ON8LB3KA0YGCBJUI |

- 3. Autorizar o gasto por importe de 3.239.343,38 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.210.00 do orzamento do vixente orzamento provincial.*



*As cantidades correspondentes ós exercicios de 2025, 2026, 2027 e 2028 quedan condicionadas á aprobación dos orzamentos correspondentes e á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas deste contrato.*

**4. Delegar na Presidencia, en virtude da Base 16ª.1.b) do vixente orzamento:**

- *A realización dos requirimentos e demais tramites previstos nos artigos 150 e 151 da LCSP, previa aceptación da clasificación das propostas que efectúe a mesa de contratación.*

**5. Delegar na Xunta de Goberno por razóns de eficacia e celeridade a tramitación de:**

- *Incoación do expediente de resolución do contrato. O Pleno resérvase, no seu caso, o acordo de resolución.*
- *Incoación e resolución das incidencias, que se produzan na execución do contrato que non conleven a resolución do mesmo, en particular as relativas ao incumprimento ou cumprimento defectuoso das prestacións que poidan ser obxecto da imposición de penalidades.*

**6. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato, indicando que o prazo de presentación de ofertas rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do seguinte prazo: 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea”**

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo sobre a aprobación do expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra, asinada con data 19 de marzo de 2024 polo Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio e pola Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación.

O resultado da votación foi o seguinte:

**1. Votos a favor: (9),** do grupo provincial do Partido Popular

**2. Votos en contra: (0),** ningún.



- 3. Abstencións: (8)**, sendo (6) do grupo provincial do PSG-PSOE e dúas (2) do grupo provincial do BNG.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposta de acordo sobre a aprobación do expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular, e coa abstención das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE e do BNG.

**9. APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO E DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO ANO 2024. (EXPTE.- 2024018621- 2024016767).**

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre a aprobación inicial do expediente de modificación do cadro de persoal funcionario e da relación de postos de traballo do ano 2024, asinada con data 14 de marzo de 2024 pola Adxunta a Xefatura do Servizo de Recursos Humanos e Formación e con data 15 de marzo de 2024 polo Deputado Delegado de Asistencia aos Concellos, Transparencia e Administración Xeral, cuxo contido é o seguinte:

*“Por acordo adoptado no Pleno da Corporación Provincial, celebrado o 22/12/2023, aprobase definitivamente o orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra para o exercicio 2024, xunto co cadro de persoal e relacións de postos de traballo.*

*Resultando que con data 08/03/2024 o deputado delegado de persoal propón unha modificación do cadro de persoal e relación de postos de traballo co fin de introducir os seguintes cambios:*

**1. Creación dun posto de traballo de persoal laboral fixo**

*En cumprimento da sentenza do Xulgado do Social nº 2 de Pontevedra, de data 08/05/2023, pola que se declara nulo o despido de D<sup>a</sup> Inés Rozas Múñiz, mestra composteira, con efectos do 31/05/2020 e se condena á Deputación Provincial de Pontevedra a súa readmisión, procede crear na relación de postos de traballo de persoal laboral fixo adscrito ao Servizo de Asistencia Intermunicipal un posto de mestre/a composteiro/a, nivel C2-17, segundo salario recoñecido por sentenza.*

*Na proposta de creación do referido posto detállanse as correspondentes funcións.*



2. *Modificación da forma de provisión do posto de traballo de vicesecretario*

*A vista da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de A Coruña do 01/02/2024, pola que se estima o recurso do Colexio territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local das provincias de Coruña e Pontevedra contra o acordo plenario do 25/11/2020, polo que se modificou a forma de provisión do posto de vicesecretario/a da Deputación para establecer o sistema de libre designación, procede deixar sen efecto dita modificación e manter como sistema de provisión o concurso.*

3. *Modificación de nivel de complemento de destino*

*No orzamento provincial do ano 2024 modificouse, por razóns organizativas, a estrutura e composición do Servizo de Cohesión Social e Xuventude para crear dous Servizos independentes, o de Benestar Social e o de Reto demográfico e Xuventude, de forma que a anterior xefatura de Servizo, vinculada a unha técnica de admón. Xeral do subgrupo A1 asignase ao Servizo de Reto demográfico e Xuventude, mentres que o anterior posto de adxunta á xefatura de servizo de Cohesión do nivel 25, ocupado por unha traballadora social do subgrupo A2, transformase nun posto de xefatura de Servizo de Benestar do nivel 25.*

*Dado que na actual estrutura organizativa da Deputación, o tipo de posto de adxunto/a á xefatura de Servizo do subgrupo A2 figura cun nivel 25, igual que o dos postos de adxunto/a á xefatura de Servizo, procede revisar a asignación de niveis por tipo de posto para marcar unha diferenza de grao entre o posto de xefatura de Servizo do subgrupo A2 e o de adxunto á xefatura do Servizo do mesmo subgrupo, atribuíndoselles respectivamente o niveis 26 e 25.*

*Por tal motivo, propónse modificar a RPT de persoal funcionario adscrito ao Servizo de Benestar Social co fin de atribuír ao posto de xefatura de Servizo de Benestar Social o nivel 26 de complemento de destino.*

4. *Creación de dúas prazas de técnico/a medio/a de admón. xeral con cargo á amortización de outras dúas prazas vacantes no cadro de persoal*

*Con motivo do traslado da técnica de admón. xeral do subgrupo A1, adscrita ao Centro Príncipe Felipe, ao Museo Provincial, prevíuse amortizar esta vacante para crear outra praza do subgrupo A2 de técnico/a medio/a de admón. xeral. A transformación desta praza nun subgrupo inferior xustifícase na existencia nese Centro dun posto de xefatura de servizo, de nivel superior, ocupado por unha técnica de admón. xeral, que precisa da colaboración técnica doutra persoa para a xestión administrativa dos procedementos de contratación, elaboración de propostas de resolución, estudo ou informes que sexan necesarios, podendo prescindir dese posto do subgrupo A1.*



*Así mesmo, requírese reforzar o Servizo de Turismo con persoal técnico de administración xeral, do subgrupo A2, para que colabore coa xefatura de Servizo na tramitación de varios expedientes de proxectos europeos xa aprobados, así como na elaboración de informes, execución, xustificación e seguimento destes fondos nas plataformas de xestión dos distintos Ministerios, entre outras.*

*De acordo co indicado, a creación destas dúas prazas de técnico/a medio/a de admón. xeral, do subgrupo A2, financiase coa amortización dunha praza de técnico/a de admón. xeral, do subgrupo A1 e posto de traballo adscrito ao Centro Príncipe Felipe, de nivel 26, e unha praza de oficial/a de imprenta, do subgrupo C2, con posto de traballo de igual denominación, nivel 17, adscrito ao Servizo de Comunicación.*

5. *Transformación dunha praza de informático programador do subgrupo C1, nunha praza de administrativo/a do mesmo subgrupo de clasificación.*

*Ao quedar deserto o proceso selectivo da praza de informático/a programador/a do subgrupo C1, con posto de traballo de xestor/a da plataforma de teleformación adscrito ao Servizo de Recursos Humanos e Formación, propónse a transformación desta praza nunha de administrativo/a de admón. xeral do mesmo subgrupo de clasificación e retribución, co obxecto de garantir unha adecuada prestación de servizos, en vista ao relevo de persoal dos próximos anos, e impulsar o proceso de transformación dixital da xestión de persoal.*

*Resultando que como se trata dunha modificación do cadro de persoal e Relacións de postos de traballo convocase a Mesa Xeral de Negociación para tratar este asunto, reunión que ten lugar o 8 de marzo de 2024.*

*Resultando que o custo laboral que deriva desta modificación non afecta ao montante total do orzamento provincial do ano 2024:*

| VALORACIÓN                                                              | Retrribución anual   |
|-------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| <i>Modificación nivel CD e CE do 25 ao 26, xefatura de Benestar, A2</i> | <i>1.498,54 €</i>    |
| <i>Creación posto mestre/a composteiro/a, subgrupo C2</i>               | <i>24.668,45 €</i>   |
| <i>Creación de dúas prazas de técnico/a medio de admón. xeral A2</i>    | <i>69.716,68 €</i>   |
| <i>Creación dunha praza de administrativo/a subgrupo C1</i>             | <i>28.734,73 €</i>   |
| <i>Amortización dunha praza de oficial/a de imprenta C2</i>             | <i>- 25.068,79 €</i> |
| <i>Amortización dunha praza de técnico/a de admón. xeral A1</i>         | <i>- 42.343,50 €</i> |
| <i>Amortización dunha praza de informático/a programador/a C1</i>       | <i>- 28.734,73 €</i> |

*Considerando que segundo o disposto no artigo 33.1 c) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), corresponde ó Pleno da Corporación*



*Provincial a aprobación e modificación dos orzamentos, de acordo co previsto na Lei Reguladora de Facendas Locais.*

*Considerando que así mesmo, os artigos 4.1 e 33.2 da LRBRL, artigo 70.3 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, e artigo 126.3 do Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril, pola que se aproba o Texto refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL), atribúen ó Pleno da Corporación Provincial a organización da Deputación, así como a aprobación do cadro de persoal e relación de postos de traballo a través do orzamento provincial.*

*Considerando que a modificación do cadro de persoal e relación de postos de traballo de persoal funcionario que se propón fundamentase na potestade de autoorganización da Corporación Provincial, recoñecida nos citados artigos, así como na adaptación da estrutura de persoal ás necesidades dos servizos.*

*Considerando que en base ao regulado no artigo 28 da Lei de emprego público de Galicia, sobre o persoal laboral indefinido, as relacións de postos de traballo serán obxecto das modificacións necesarias para axustalas á creación de postos derivados de sentenzas xudiciais firmes que recoñezan situacións laborais de carácter indefinido, cando a persoa afectada non puidese ser adscrita a un posto de traballo vacante. A proposta de modificación da relación de postos de traballo deberá efectuarse no prazo máximo de tres meses, a contar a partir da data da firmeza da sentenza xudicial.*

*Considerando que precisa, ademais, que os postos de traballo creados en aplicación do previsto neste artigo incluíranse nas correspondentes relacións de postos de traballo como postos de persoal funcionario ou, excepcionalmente, de persoal laboral cando a natureza das súas funcións así o requira, e incorporaranse á oferta de emprego público, salvo que se dispoña a súa amortización. Así, unha vez modificada a relación de postos de traballo, a persoa afectada será adscrita ao posto de nova creación.*

*Considerando que conforme ó previsto no artigo 126.3 do TRRL a modificación do cadro de persoal durante a vixencia do orzamento requirirá o cumprimento dos trámites establecidos para a modificación de aquel.*

*Considerando que neste sentido, o artigo 168 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, precisa que a aprobación do cadro de persoal e relación de postos de traballo seguirá os mesmos trámites que a aprobación do orzamento, os cales se describen neste mesmo artigo e seguintes, 169 e 170, o que require aprobación inicial, exposición ao público por período de 15 días hábiles a efectos de reclamacións, e aprobación definitiva.*

*Considerando que non obstante o anterior, e a efectos de reclamacións deberá terse en conta que o artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, pola que se aproba a Lei do*



*emprego público de Galicia, fixa un prazo de información pública non inferior a vinte días. Transcorrido devandito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se formulasen reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a modificación da relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas. Unha vez aprobada definitivamente, remitirase copia aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e será publicada integramente no boletín oficial da provincia.*

*Considerando que a través deste expediente, crease un posto na RPT de persoal laboral fixo en execución de sentenza e conforme ao previsto no mencionado artigo 28 da LEPG, modifícase a forma de provisión do posto de traballo de vicesecretario para restablecer o concurso, asignase o nivel 26 de CD ao posto de xefatura de Servizo de Benestar do subgrupo A2 e créanse dúas prazas de técnico/a medio de admón. xeral con cargo á amortización dunha praza de técnico/a de admón. xeral do subgrupo A1 e unha de oficial/a de imprenta do subgrupo C2, modificacións das RPTS de persoal funcionario que se atopan xustificadas, respondendo á que implica un incremento de retribucións a unha adecuación retributiva de carácter singular e excepcional.*

*Considerando o exposto nos apartados anteriores, PROPONSE ó Pleno da Corporación modificar o cadro de persoal e relacións de postos de traballo da Deputación Provincial, co obxecto de introducir os seguintes cambios:*

- 1. Crear un posto de traballo de mestre/a composteiro/a C2-17 na relación de postos de traballo de persoal laboral fixo adscrito ao Servizo de Asistencia Intermunicipal, cunha retribución anual de 24.668,45 € (segundo importe recoñecido por sentenza), co fin de poder adscribir ao mesmo, como indefinida non fixa, á persoa cuxo despido foi declarado nulo por sentenza do Xulgado do Social nº 2 de Pontevedra, de data 08/05/2023, en tanto non se cubra o posto mediante convocatoria pública e a través do procedemento previsto regulamentariamente para o acceso ao emprego público.*
- 2. Modificar o sistema de provisión do posto de traballo de habilitación de carácter nacional de vicesecretario/a para manter o concurso.*
- 3. Asignar ao posto de traballo de xefatura de Servizo de Benestar o nivel 26 de complemento de destino, co obxecto de distinguir dentro do subgrupo A2 e a efectos económicos, os postos de xefatura de Servizo e adxunto/a á xefatura de servizo do nivel 25, os cales teñen diferentes cometidos e responsabilidades.*
- 4. Crear dúas prazas de técnico/a medio/a de administración xeral do subgrupo A2 da Escala de Administración xeral, con postos de traballo de técnico/a de xestión adscritos ao Centro Príncipe Felipe e Servizo de Turismo, co fin de adaptarse ás necesidades de persoal e ó perfil de posto de traballo que requiren os servizos.*



5. *Crear unha praza de administrativo/a de admón. xeral, subgrupo C1, da Escala de Administración xeral, con posto de traballo de igual denominación adscrito ao Servizo de Recursos Humanos e Formación, co obxecto de garantir unha adecuada prestación de servizos e impulsar a transformación dixital en todos os procedementos de xestión de persoal.*
6. *Amortizar unha praza técnico/a de administración xeral, do subgrupo A1 da Escala de Administración xeral, con posto de traballo de xefatura de Contratación no Centro Príncipe Felipe, por reorganización do servizo.*
7. *Amortizar unha praza de oficial/a de imprenta, do grupo C2 da Escala de Administración Especial, con posto de traballo de igual denominación adscrito ao Servizo de Comunicación, pola xubilación do titular no mes de febreiro deste ano.*
8. *Amortizar unha praza de informático/a programador/a do subgrupo C1, con posto de traballo de xestor/a da plataforma de teleformación adscrito ao Servizo de Recursos Humanos e Formación, pola asunción das correspondentes funcións co persoal da Sección de formación.*

*Este expediente de modificación do cadro de persoal e relacións de postos de traballo da Deputación Provincial, de conformidade co artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, exporase ó público para os efectos de reclamacións, por un período de vinte días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).*

*As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudadas, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.*

*Este acordo de modificación do cadro de persoal e relacións de postos de traballo da Deputación Provincial do ano 2024, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formularsen reclamacións contra o mesmo."*

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo sobre a aprobación inicial do expediente de modificación do cadro de persoal funcionario e da relación de postos de traballo do ano 2024, asinada con data 14 de marzo de 2024 pola Adxunta a Xefatura do Servizo de Recursos Humanos e Formación e con data 15 de marzo de 2024 polo Deputado Delegado de Asistencia aos Concellos, Transparencia e Administración Xeral.



O resultado da votación foi o seguinte:

1. **Votos a favor: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular
2. **Votos en contra: (0)**, ningún.
3. **Abstencións: (8)**, sendo (6) do grupo provincial do PSG-PSOE e dúas (2) do grupo provincial do BNG.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposta de acordo sobre a aprobación inicial do expediente de modificación do cadro de persoal funcionario e da relación de postos de traballo do ano 2024, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular, e coa abstención das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE e do BNG.

**10. SOLICITUDE DUNHA EMPREGADA PÚBLICA PARA COMPATIBILIZAR O DESEMPEÑO DO SEU POSTO DE TRABALLO CO EXERCICIO DE ACTIVIDADES DOCENTES NA UNIVERSIDADE DE VIGO. (EXPTE.- 2024018622- 2024005636).**

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre a solicitude dunha empregada pública para compatibilizar o desempeño do seu posto de traballo co exercicio de actividades docentes na Universidade de Vigo, asinada con data 14 de marzo de 2024 pola Adxunta á Xefatura do Servizo de Recursos Humanos e Formación e con data 15 de marzo de 2024 polo Deputado Delegado de Asistencia aos Concellos, Transparencia e Administración Xeral, cuxo contido é o seguinte:

*“Visto o informe da xefa do Servizo de RRHH e Formación que textualmente di:*

**“ANTECEDENTES**

*1º.- Mediante escrito presentado no Rexistro electrónico da Deputación Provincial de Pontevedra o 14 de xaneiro de 2024, DONA MONTSERRAT MARÍA OTERO OITAVÉN, con DNI nº \*\*\*0737\*\*, funcionaria de carreira da Deputación de Pontevedra, actualmente prestando servizos nesta Institución como persoal eventual co posto de coordinadora de réxime interno, grupo A1, adscrito ó Gabinete da Presidencia, solicita que se lle conceda a autorización para compatibilizar o desempeño do seu posto cunha segunda*



*actividade no sector público, como profesora asociada A3P4 a tempo parcial na área de dereito administrativo, na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e na Facultade de Dirección e Xestión Pública da Universidade de Vigo.*

*Posteriormente presenta un certificado dos Secretarios das citadas Facultades, no que se informa da xornada e horario de traballo, que non afecta ó establecido no Gabinete da Presidencia.*

*2º.- En data 1 de marzo de 2024, a Universidade de Vigo presenta informe favorable da Vicerreitora de profesorado e ordenación académica, por delegación do Reitor .*

*Así mesmo, achega escrito no que acredita que o posto como profesora asociada ten asignada unha retribución bruta mensual de 615,56 €.*

*3º.- O posto de traballo que desempeña na Deputación de Pontevedra como coordinadora de réxime interno ten establecida unha retribución bruta anual de 65.711,36 €.*

*4º.- A cantidade total percibida por ambos postos ou actividades supera a remuneración prevista nos Orzamentos xerais do Estado para o cargo de director xeral (60.794,20 €), e a correspondente ó principal, estimada en réxime de dedicación ordinaria, incrementada nun 30 por 100, para os funcionarios do grupo A ou persoal de nivel equivalente (62.955,56 €), de acordo co establecido no artigo 7 da Lei 53/84.*

*A superación deste límite, en cómputo anual, require acordo expreso do Pleno da Deputación de Pontevedra en base a razóns de especial interese para o servizo.*

*Neste caso concreto, considerase de especial interese para o servizo a compatibilidade das dúas actividades no sector público, dado que as materias sobre as que versa a docencia, relativas a dereito administrativo, réxime xurídico da responsabilidade patrimonial da Administración e práctica administrativa, están directamente relacionadas coas funcións de asesoramento técnico que presta á presidencia, vicepresidencia e deputados provinciais en cuestións de réxime interno, mantendo actualizada a súa formación e coñecementos.*

### **CONSIDERACIÓNS NORMATIVAS**

*1º.- Lei 53/84, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.*

*2º.- Real Decreto 598/85, de 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ó servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismo, Empresas dependentes.*

*3º.- Artigo 70.9 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se atribúe ó Pleno da Corporación Provincial a declaración de compatibilidade para o exercicio dunha segunda actividade no sector público ou privado.*

*4º.- O artigo 4 da Lei 53/84 e 3 do RD 598/85 sinala que poderá autorizarse a compatibilidade, cumpridas as restantes esixencias desta Lei, para o desempeño dun*



*posto de traballo na esfera docente como Profesor universitario asociado en réxime de dedicación non superior á de tempo parcial e cunha duración determinada.*

*5º.- Á súa vez, o artigo 3 da Lei 53/84, indica que para o exercicio da segunda actividade será indispensable a previa e expresa autorización de compatibilidade, que non suporá modificación da xornada de traballo e horario dos dous postos e que se condiciona ó seu estrito cumprimento en ambos.*

*6º.- O artigo 7 da Lei 53/84 contempla como requisito necesario para autorizar a compatibilidade de actividades públicas, que a cantidade total percibida por ambos postos ou actividades non supere a remuneración prevista nos Presupostos xerais do estado para o cargo de Director xeral, nin supere a correspondente ó principal, estimada en réxime de dedicación ordinaria, incrementada nun 30 por 100, para os funcionarios do grupo A ou persoal de nivel equivalente.*

*A superación destes límites, en cómputo anual, require en cada caso acordo expreso do Pleno das Corporacións Locais en base a razóns de especial interese para o servizo.*

*Neste senso o RD 598/85 dispón no seu artigo 4 que nos supostos en que sexa posible a autorización de compatibilidade de actividades públicas, esta entenderase condicionada á aplicación das limitacións retributivas previstas no artigo sétimo da Lei 53/1984.*

*7º.- Os servizos prestados no segundo posto ou actividades non se computarán a efectos de trienios nin de dereitos pasivos, podendo suspenderse a cotización a este último efecto. As pagas extraordinarias, así como as prestacións de carácter familiar, só poderán percibirse por un dos postos, calquera que sexa a súa natureza.*

*8º.- As solicitudes de autorización de compatibilidade dun segundo posto no sector público, que formule o persoal sometido ó ámbito de aplicación deste Real Decreto, serán resoltas no prazo de tres meses a contar desde a data de presentación da solicitude. Este prazo poderá prorrogarse, mediante resolución motivada, por un período de tempo non superior a un mes (Artigo 5 do RD 598/85).*

*9º.- Ademais, tal e como sinala o artigo 6 do RD 598/85 toda autorización de compatibilidade require informe favorable da autoridade correspondente ó segundo posto. Se se trata de compatibilizar postos no ámbito de Administracións Públicas diferentes, o informe deberá ser emitido, segundo os casos: polo Ministerio da Presidencia, oído, segundo proceda, a Subsecretaría do Departamento correspondente, o Delegado do Goberno, o Gobernador civil ou reitor da Universidade; polo órgano competente da Comunidade Autónoma, ou polo Pleno da Corporación Local.*

*10º.- Por último, e ó abeiro do previsto na disposición final terceira do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, non poderá autorizarse ou recoñecerse compatibilidade ó persoal funcionario, ó persoal eventual e ó persoal laboral cando as retribucións complementarias que teñan dereito a percibir do apartado b) do artigo 24 do presente Estatuto inclúan o factor de incompatibilidade, ó retribuído por arancel e ó*



*persoal directivo, incluído o suxeito á relación laboral de carácter especial de alta dirección, circunstancia que non concorre na solicitude presentada pola interesada.*

## CONCLUSIÓN

*En base ós antecedentes e consideracións normativas citadas anteriormente PROPONSE conceder a DONA MONTSERRAT MARÍA OTERO OITAVÉN a compatibilidade solicitada para o desempeño do posto de traballo de profesora asociada A3P4 a tempo parcial na Universidade de Vigo, por existir razóns de especial interese para o servizo no que actualmente exerce as súas funcións.”*

*Considerando o exposto, o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ACORDA:*

*Conceder autorización á traballadora Dona Montserrat María Otero Oitavén para compatibilizar o desempeño do seu posto de traballo como coordinadora de réxime interno, grupo A1, adscrito ó Gabinete da Presidencia da Deputación de Pontevedra, cunha segunda actividade no sector público como profesora asociada A3P4 a tempo parcial na Universidade de Vigo, por existir razóns de especial interese para o servizo no que actualmente exerce as súas funcións.”*

O Deputado, Don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo pregunta se a funcionaria que solicita esta compatibilidade continua prestando servizos como profesora asociada a tempo parcial na Universidade de Vigo.

O Presidente da Comisión contesta que Dona Montserrat María Otero Oitavén presta servizos como profesora asociada a tempo parcial na Universidade de Vigo.

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo sobre a solicitude dunha empregada pública para compatibilizar o desempeño do seu posto de traballo co exercicio de actividades docentes na Universidade de Vigo, asinada con data 14 de marzo de 2024 pola Adxunta á Xefatura do Servizo de Recursos Humanos e Formación e con data 15 de marzo de 2024 polo Deputado Delegado de Asistencia aos Concellos, Transparencia e Administración Xeral.

O resultado da votación foi o seguinte:



1. **Votos a favor: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular
2. **Votos en contra: (0)**, ningún.
3. **Abstencións: (8)**, sendo (6) do grupo provincial do PSG-PSOE e dúas (2) do grupo provincial do BNG.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposta de acordo sobre a solicitude dunha empregada pública para compatibilizar o desempeño do seu posto de traballo co exercicio de actividades docentes na Universidade de Vigo, asinada con data 14 de marzo de 2024 pola Adxunta á Xefatura do Servizo de Recursos Humanos e Formación e con data 15 de marzo de 2024 polo Deputado Delegado de Asistencia aos Concellos, Transparencia e Administración Xeral, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular, e coa abstención das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE e do BNG.

#### **11. MODIFICACIÓN DAS TARIFAS DO ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE. (EXPTE.- 2023077322).**

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre a modificación das tarifas do acordo regulador do prezo público pola prestación de servizos no Centro Príncipe Felipe, asinada con data 14 de marzo de 2024 polo Deputado Delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación, cuxo contido é o seguinte:

*“Visto o Informe-proposta da Xefa de servizo do Centro Príncipe Felipe co visto e praxe da Deputada delegada, para modificación dos cadros de tarifas contidos no Anexo I do acordo regulador do prezo público por prestación de servizos no referido centro.*

*Vista a xustificación económica das tarifas propostas, segundo informe técnico-económico subscrito pola Xefa de Servizo e Encargado da despesa do Centro Príncipe Felipe, do que resulta que os prezos propostos garanten a cobertura do custe do servizo de xeito global.*

*Visto o Informe da Intervención provincial de data 14/03/2024.*

*Vista a competencia da Xunta de Goberno en materia de establecemento e regulación de Prezos públicos segundo o disposto no artigo 46 do TRLRFL e acordo de delegación de competencias plenarias na Xunta de Goberno Provincial de data 30/12/1992 (BOP nº 14, 22/01/1993).*



Á vista do exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno, previo ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, a aprobación da seguinte proposta de ACORDO:

**Primeiro.** Aprobar a modificación dos anexos de tarifas do Acordo regulador do Prezo público pola prestación de servizos no Centro Príncipe Felipe, de conformidade co seguinte:

### **ANEXO I. Tarifas**

#### **Apartado 1. Emprego das estancias e do comedor**

##### **1.1. Comedor**

| <b>Concepto</b>                              | <b>Tarifa</b> |
|----------------------------------------------|---------------|
| Almorzo                                      | 1,50 €        |
| Xantar                                       | 7,00 €        |
| Merenda                                      | 1,15 €        |
| Cea                                          | 5,00 €        |
| Pensión completa/1 día (non inclúe pernoita) | 14,65 €       |

##### **1.2. Estancias**

| <b>Concepto</b>                          | <b>Tarifa</b>    |
|------------------------------------------|------------------|
| Aloxamento (pernoita)                    | 10 €/día         |
| Utilización das aulas                    | 20,60 €/día      |
| Utilización do auditorio                 | 102,90 €/día     |
| Utilización do auditorio (media xornada) | 51,45 €/ 4 horas |

#### **Apartado 2. Produtos da cafetería**

| <b>Produtos</b>         | <b>Tarifa</b> |
|-------------------------|---------------|
| <b>Artigos almorzo:</b> |               |
| Zume de laranxa         | 0,85 €        |



|                                    |        |
|------------------------------------|--------|
| <i>Tostada</i>                     | 0,35 € |
| <i>Marmelada porción</i>           | 0,35 € |
| <i>Manteiga porción</i>            | 0,20 € |
| <i>Aceite de oliva (mono dose)</i> | 0,30 € |
| <i>Tomate natural</i>              | 0,55 € |
| <i>Peza froita</i>                 | 0,55 € |
| <b>Bebidas:</b>                    |        |
| <i>1/3 de cervexa:</i>             | 1,30 € |
| <i>Cervexa sen alcohol:</i>        | 1,25 € |
| <i>Refresco de cola (bote):</i>    | 1,20 € |
| <i>Refresco de laranxa (bote):</i> | 1,00 € |
| <i>Refresco de té:</i>             | 1,35 € |
| <i>Zumes:</i>                      | 0,95 € |
| <i>Refresco de limón (bote):</i>   | 1,00 € |
| <i>Bebida isotónica:</i>           | 1,40 € |
| <i>Auga mineral de 1,5 l:</i>      | 0,85 € |
| <i>Auga mineral de 0,5 l:</i>      | 0,65 € |
| <i>Infusións</i>                   | 0,50 € |
| <i>Té con leite e limón:</i>       | 0,75 € |
| <i>Café só:</i>                    | 0,80 € |
| <i>Café cortado:</i>               | 0,80 € |
| <i>Café con leite :</i>            | 0,80 € |
| <i>Café con xeo:</i>               | 0,90 € |
| <i>Café dobre con leite:</i>       | 0,90 € |
| <i>Café descafeinado:</i>          | 0,80 € |
| <i>Café descafeinado dobre:</i>    | 0,90 € |
| <i>Leite con cacao:</i>            | 0,90 € |
| <b>Repostería</b>                  |        |



|                                       |        |
|---------------------------------------|--------|
| <i>Bolo de leite:</i>                 | 0,80 € |
| <i>Napolitana de chocolate:</i>       | 1,45 € |
| <i>Donut:</i>                         | 1,45 € |
| <i>Magdalena:</i>                     | 0,80 € |
| <i>Caracola:</i>                      | 1,45 € |
| <i>Croissant</i>                      | 1,00 € |
| <i>Croissant con queixo</i>           | 1,70 € |
| <i>Croissant con xamón:</i>           | 1,70 € |
| <i>Croissant con queixo e xamón</i>   | 2,00 € |
| <i>Empanadilla de carne:</i>          | 1,20 € |
| <i>Empanadilla de bonito:</i>         | 1,20 € |
| <i>Empanadilla de bacallau:</i>       | 1,20 € |
| <b>Bocadillos</b>                     |        |
| <i>Xamón:</i>                         | 2,50 € |
| <i>½ de xamón:</i>                    | 1,25 € |
| <i>Tortilla:</i>                      | 2,50 € |
| <i>½ de tortilla:</i>                 | 1,25 € |
| <i>Queixo:</i>                        | 1,80 € |
| <i>½ de queixo:</i>                   | 0,90 € |
| <i>Peituga de pavo:</i>               | 1,80 € |
| <i>½ de peituga de pavo:</i>          | 0,90 € |
| <i>Peituga de pavo e queixo:</i>      | 2,00 € |
| <i>½ de peituga de pavo e queixo:</i> | 1,00 € |
| <i>Chourizo:</i>                      | 1,80 € |
| <i>½ de chourizo:</i>                 | 0,90 € |
| <i>Tortilla con xamón:</i>            | 3,50 € |
| <i>½ de tortilla con xamón:</i>       | 1,75 € |
| <i>Xamón e queixo:</i>                | 2,50 € |



|                             |        |
|-----------------------------|--------|
| ½ de xamón e queixo:        | 1,25 € |
| Chourizo e queixo:          | 2,00 € |
| ½ de chourizo e queixo:     | 1,00 € |
| Marmelo e queixo :          | 2,00 € |
| ½ de marmelo e queixo:      | 1,00 € |
| Salchichón                  | 1,80 € |
| ½ de salchichón:            | 0,90 € |
| Salchichón e queixo:        | 2,00 € |
| ½ de salchichón e queixo:   | 1,00 € |
| ½ de tortilla con chourizo: | 1,50 € |
| ½ de tortilla con queixo:   | 1,50 € |
| Taco:                       | 0,90 € |

*As tarifas incorporan o IVE correspondente.*

**Segundo.** *Dispoñer a publicación da modificación acordada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra que entrará en vigor e aplicase a partir do día 1 de maio do 2024.”*

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo sobre a modificación das tarifas do acordo regulador do prezo público pola prestación de servizos no Centro Príncipe Felipe, asinada con data 14 de marzo de 2024 polo Deputado Delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación.

O resultado da votación foi o seguinte:

- Votos a favor: (11)**, sendo (9) do grupo provincial do Partido Popular, e dous (2) do grupo provincial do BNG.
- Votos en contra: (0)**, ningún.



**3. Abstencións: (6), do grupo provincial do PSG-PSOE .**

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposta de acordo sobre a modificación das tarifas do acordo regulador do prezo público pola prestación de servizos no Centro Príncipe Felipe, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular e do BNG, e coa abstención das Deputadas e Deputados do grupo provincial do PSG-PSOE.

**12. DAR CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE FEBREIRO DE 2024. (EXPTES.- 2024018624 - 2024014988).**

A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consorcio Contraincendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de febreiro de 2024, asinado conxuntamente pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con data 6 de marzo de 2024, onde deixan constancia do seguinte:

*“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas*

*O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.*

*O artigo 6 do Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior:*



Á vista deste precepto legal o servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de febreiro de 2024 que se expón a continuación:

**PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES FEBREIRO 2024**

| Entidade                            | Mes      | Ratio Operacións Pagadas | Importe Pagos Realizados | Ratio Operacións Pendentes | Importe Pagos Pendentes | Período Medio de Pago |
|-------------------------------------|----------|--------------------------|--------------------------|----------------------------|-------------------------|-----------------------|
| Deputación de Pontevedra            | Febreiro | 8,7878398971             | 4.691.229,06             | 5,2853245013               | 733.988,14              | <b>8,3139778072</b>   |
| Escola de Enfermería                | Febreiro | 14,1097925071            | 2.803,47                 | 0,0000000000               | 0,00                    | <b>14,1097925071</b>  |
| Consorcio de Incendios e Salvamento | Febreiro | 18,6997231228            | 19.095,11                | 16,0480303834              | 5.958,52                | <b>18,0690694323</b>  |
| Consorcio Deza Tabeiros             | Febreiro | 13,5614624000            | 18.226,42                | 4,7393480100               | 3.267,23                | <b>12,2204208925</b>  |
| <b>TOTAL</b>                        |          |                          | <b>4.731.354,06</b>      |                            | <b>743.213,89</b>       | <b>8,3769257096</b>   |

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que **se cumpre** co período medio de pago legalmente previsto.

A Comisión informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda queda enterada do contido do **informe do período medio de pago a provedores correspondente ó mes de febreiro de 2024 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consorcio Contraincendios Deza e Tabeiros-Terra de Montes**, en relación ó disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e no Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

**13. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS RELATIVAS ÁS LIQUIDACIÓNS DO ORZAMENTO DO CONSORCIO PARA O SERVIZO CONTRAINCENDIOS DAS COMARCAS DO DEZA E TABEIRÓS-TERRA DE MONTES E DO ORZAMENTO CONSOLIDADO, CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2023. (EXPTES.- 2024018629 – 2024006887).**



Por Resolución da Presidencia do Consorcio para o Servizo Contraincendios das Comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes de data 20 de febreiro de 2024 aprobouse a liquidación do orzamento deste Consorcio correspondente ó exercicio de 2023, cuxo contido é o seguinte.

*“Examinada a liquidación do exercicio 2023, e liquidación de exercicios pechados, cos seus documentos xustificativos.*

*Visto que con data 3 de febreiro de 2024, foi emitido informe de Intervención, de conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.*

*De conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobada polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e co artigo 90.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, sobre materia orzamentaria.*

## **RESOLVO:**

*PRIMEIRO: Aprobar a Liquidación do Orzamento Xeral de 2023, cuxas principais magnitudes son as que se detallan a continuación:*

| CONCEPTO                                   | IMPORTE      |
|--------------------------------------------|--------------|
| - Dereitos pendentes de cobro a 31.12.2023 | 9.864,18 €   |
| - Obrigas pendentes de pago a 31.12.2022   | 84.296,23 €  |
| - Resultado orzamentario axustado          | 71.898,72 €  |
| - Remanentes de crédito                    | 32.297,87 €  |
| - Remanente de Tesourería total            | 684.538,77 € |
| - Remanente de Tesourería ara astos xerais | 407.894,31 € |

*SEGUNDO: Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre, desta resolución dacordo co establecido nos artigos 193.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o 90.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.*

*TERCEIRO: Ordear a remisión de copia de dita liquidación aos órganos competentes tanto da Delegación de Facenda como da Comunidade Autónoma.*



Por Resolución Presidencial número 2024001452 de data 21 de febreiro de 2024 aprobouse a liquidación do orzamento consolidado do exercicio 2023, cuxo contido é o seguinte.

A Presidencia, no exercicio das facultades que lle confirme a normativa local vixente, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**

Practicada a liquidación do orzamento consolidado de 2023, segundo o previsto no R.D. 500/90, de 20 de abril e no R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, RESOLVO

**Primeiro.** Aprobar a liquidación do orzamento consolidado de 2023, coa estrutura que a continuación se sinala:

| CONCEPTOS                                                                       | DEREITOS<br>RECOÑECIDOS<br>NETOS | OBRIGAS<br>RECOÑECIDAS<br>NETAS | AXUSTES              | RESULTADO<br>ORZAMENTARIO |
|---------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------|---------------------------------|----------------------|---------------------------|
| a) Operacións Correntes                                                         | 204.237.380,42                   | 109.103.870,31                  |                      | 95.133.510,11             |
| b) Operacións de capital                                                        | 15.567.258,71                    | 92.894.680,30                   |                      | -77.327.421,59            |
| 1. Total operacións non financeiras (a+b)                                       | 219.804.639,13                   | 201.998.550,61                  |                      | 17.806.088,52             |
| c) Activos financeiros                                                          | 766.287,85                       | 461.724,43                      |                      | 304.563,42                |
| d) Pasivos financeiros                                                          | 0                                | 240.833,37                      |                      | -240.833,37               |
| 2. Total operacións financeiras (c+d)                                           | 766.287,85                       | 702.557,80                      |                      | 63.730,05                 |
| I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO<br>EXERCICIO                                       | <b>220.570.926,98</b>            | <b>202.701.108,41</b>           |                      | <b>17.869.818,57</b>      |
| <u>AXUSTES:</u>                                                                 |                                  |                                 |                      |                           |
| 3. Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais |                                  |                                 | 86.722.852,51        |                           |
| 4. Desviacións de financiamento negativas do exercicio                          |                                  |                                 | 11.831.114,10        |                           |
| 5. Desviacións de financiamento positivas do exercicio                          |                                  |                                 | 14.813.848,47        |                           |
| II. TOTAL AXUSTES (II = 3+4-5)                                                  |                                  |                                 | <b>83.740.118,14</b> |                           |
| RESULTADO PRESUPUESTARIO AJUSTADO (I + II)                                      |                                  |                                 |                      | <b>101.609.936,71</b>     |

**Segundo.** Aprobar o estado de remanente de tesourería resultante da liquidación do orzamento de 2023 e das operacións non orzamentarias, coa estrutura que a continuación se sinala:

| COMPONENTES            | IMPORTE ANO 2023      |
|------------------------|-----------------------|
| 1. (+) Fondos líquidos | <b>236.646.486,96</b> |



|                                                                  |               |                       |
|------------------------------------------------------------------|---------------|-----------------------|
| <b>2. (+) Dereitos pendentes de cobro</b>                        |               | <b>18.424.732,95</b>  |
| - (+) do Orzamento corrente                                      | 14.931.178,36 |                       |
| - (+) de Orzamentos pechados                                     | 640.333,49    |                       |
| - (+) de operacións non orzamentarias                            | 2.853.221,10  |                       |
| <b>3. (-) Obrigas pendentes de pago</b>                          |               | <b>23.980.393,08</b>  |
| - (+) do Orzamento corrente                                      | 1.175.096,84  |                       |
| - (+) de Orzamentos pechados                                     | 194.810,59    |                       |
| - (+) de operacións non orzamentarias                            | 22.610.485,65 |                       |
| <b>4. (+) Partidas pendentes de aplicación</b>                   |               | <b>492.077,85</b>     |
| - (-) cobros realizados pendentes de aplicación definitiva       | 326.294,61    |                       |
| - (+) pagos realizados pendentes de aplicación definitiva        | 818.372,46    |                       |
| <b>I. Remanente de tesourería total (1+2-3+4)</b>                |               | <b>231.582.904,68</b> |
| <b>II. Saldos de dubidoso cobro</b>                              |               | <b>606.554,20</b>     |
| <b>III. Excesos de financiamento afectado</b>                    |               | <b>16.008.701,10</b>  |
| <b>IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I-II-III)</b> |               | <b>214.967.649,38</b> |

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda queda enterada do contido das resolucións que se indican a continuación polas que se aproban as seguintes liquidacións dos orzamentos correspondentes ao exercicio 2023:

- A Resolución da Presidencia do Consorcio para o Servizo Contraincendios das Comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes de data 20 de febreiro de 2024 aprobando a liquidación do orzamento deste Consorcio correspondente ó exercicio de 2023.
- A Resolución número 2024001452 de data 21 de febreiro de 2024 aprobando a liquidación do orzamento consolidado da Deputación de Pontevedra correspondente ao exercicio de 2023.

#### **14. DAR CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN RELATIVO AO RESUMO DOS RESULTADOS DO CONTROL INTERNO DO EXERCICIO 2023. (EXPTE.- 2024018630 - 2024005269).**



A Intervención elaborou un informe relativo ao resumo do control interno correspondente ao exercicio 2023, asinado pola Viceinterventora e polo Interventor, con data 8 de marzo de 2024, onde se deixa constancia do seguinte:

**“ASUNTO: INFORME RESUMO DOS RESULTADOS DO CONTROL INTERNO 2023 (ARTIGO 37 RD 424/2017). DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA**

**I. INTRODUCCIÓN**

**I.1. Normativa aplicable**

| 2022044656 | OBRA            | Lote 1. Iluminación exterior sostenible V. Proyecto IDAE FEDER-EELL-2020-004168 cofinanciado en un 80% por el Fondo Europeo de Desarrollo Regional.                                                                                                                                                                                                                                     | COOPERACION     | 738.025,77 € | 06/09/2023 | F.C.O.D.I. | 0   |
| 2022044656 | OBRA            | Lote 5. Iluminación exterior sostenible IX. Proyecto IDAE FEDER-EELL-2020-004626 cofinanciado en un 80% por el Fondo Europeo de Desarrollo Regional.                                                                                                                                                                                                                                    | COOPERACION     | 669.516,56 € | 06/09/2023 | F.C.O.D.I. | 0   |
| 2022044656 | OBRA            | Lote 4. Iluminación exterior sostenible VIII. Proyecto IDAE FEDER-EELL-2020-004530 cofinanciado en un 80% por el Fondo Europeo de Desarrollo Regional.                                                                                                                                                                                                                                  | COOPERACION     | 554.686,55 € | 08/09/2023 | F.C.O.D.I. | 0   |
| 2022035109 | SUBMINISTRACION | IMPLANTACIÓN E MANTEMENTO DA PLATAFORMA DE COMERCIO INTELIXENTE DE PONTEVEDRA E AS SÚAS VERTICAIS, DOS PROXECTOS "DA TÚA MAN", DENTRO DA LIÑA DE AXUDAS PARA O APOIO A MERCADOS, ZONAS URBANAS COMERCIAIS, COMERCIOS NON SEDENTARIO E CANLES CORTOS DE COMERCIALIZACIÓN E "COMMERCE INSIDE", DENTRO DA LIÑA DE AXUDAS PARA O FORTALECEMENTO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS TURÍSTICAS | TURISMO         | 581.208,25 € | 11/09/2023 | F          | 0   |
| 2022035109 | SUBMINISTRACION | IMPLANTACIÓN E MANTEMENTO DA PLATAFORMA DE COMERCIO INTELIXENTE DE PONTEVEDRA E AS SÚAS VERTICAIS, DOS PROXECTOS "DA TÚA MAN", DENTRO DA LIÑA DE AXUDAS PARA O APOIO A MERCADOS, ZONAS URBANAS COMERCIAIS, COMERCIOS NON SEDENTARIO E CANLES CORTOS DE COMERCIALIZACIÓN E "COMMERCE INSIDE", DENTRO DA LIÑA DE AXUDAS PARA O FORTALECEMENTO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS TURÍSTICAS | EMPREGO         | 365.330,90 € | 11/09/2023 | F          | 0   |
| 2022039816 | OBRA            | Mellora da seguridade viaria na E.P. 9101 O Grove - Igrexa de San Vicente                                                                                                                                                                                                                                                                                                               | INFRAESTRUTURAS | 511.779,42 € | 19/09/2023 | F          | 0   |
| 2022039817 | OBRA            | Mellora da mobilidade peonil na EP9702 As Sinas - Vilanova PQ 1+415 - 2+225                                                                                                                                                                                                                                                                                                             | INFRAESTRUTURAS | 257.338,36 € | 19/09/2023 | F          | 0   |
| 2022072777 | OBRA            | MELORADADRENAXETRANSVERSALNOPOQ1+350NAEP9601VILAGARCÍA- CEA - CASTROGUNDÍN (CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA).                                                                                                                                                                                                                                                                          | INFRAESTRUTURAS | 64.182,83 €  | 19/09/2023 | F.C.O.     | 1   |
| 2023008926 | OBRA            | Lote 1. Iluminación exterior sostenible XII. Proyecto IDAE FEDER-EELL-2020-005815 cofinanciado en un 80% por el Fondo Europeo de Desarrollo Regional.                                                                                                                                                                                                                                   | COOPERACION     | 658.680,66 € | 02/10/2023 | F.C.O.D.I. | 1,6 |
| 2023008926 | OBRA            | Lote 2. Iluminación exterior sostenible XIII. Proyecto IDAE FEDER-EELL-2020-005816 cofinanciado en un 80% por el Fondo Europeo de Desarrollo Regional.                                                                                                                                                                                                                                  | COOPERACION     | 305.081,84 € | 02/10/2023 | F.C.O.D.I. | 1,6 |
| 2023031536 | OBRA            | Contrato derivado LOTE 1. ZONA A3 do Acordo marco obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2023                                                                                                                                                                                                                                            | INFRAESTRUTURAS | 638.183,75 € | 04/10/2023 | F          | 0   |



|            |                 |                                                                                                                        |                   |              |            |        |      |
|------------|-----------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------|--------------|------------|--------|------|
| 2023010883 | OBRA            | REPARACIÓN DE PASARELA NA EP2201 BAIONA-BAHIÑA-ASFONTES(CONCELLO DE BAIONA)                                            | INFRAESTRUTURAS   | 47.659,82 €  | 23/10/2023 | F      | 0    |
| 2022072776 | OBRA            | REHABILITACIÓN DA REDE DE PLUVIAISNA EP2103 PRIEGUE-PRADO,DOPOQ 0+000 AO PQ 1+170 (CONCELLO DE NIGRÁN).                | INFRAESTRUTURAS   | 196.612,81 € | 23/10/2023 | F.C.O. | 1    |
| 2022045200 | OBRA            | Mellora da mobilidade peonil na EP-7203, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 0+380. Soutelo de Montes (Forcarei)             | INFRAESTRUTURAS   | 327.253,15 € | 15/11/2023 | F.C.O. | 1, 6 |
| 2022049078 | OBRA            | MELLORA DAS INTERSECCIÓNS E ACONDICIONAMENTO NO ENTORNO DA ESTRADA DO VAO,EP 2003 (CONCELLO DE VIGO).                  | INFRAESTRUTURAS   | 256.228,00 € | 24/11/2023 | F.C.O. | 1, 6 |
| 2020056108 | OBRA            | Adecuacións eléctricas e instalación de grupo electrógeno na instalación eléctrica de baixa tensión do Pazo Provincial | ARQUITECTURA      | 107.567,61 € | 27/11/2023 | F      | 0    |
| 2023057520 | SUBMINISTRACION | Subministración de dispositivos móbiles para a Deputación de Pontevedra                                                | NOVAS TECNOLOXIAS | 21.590,51 €  | 27/11/2023 | F      | 0    |
| 2022029859 | OBRA            | REFORZO DO FIRME NA EP7007 COUSO-SANMIGUELDEBARCALA, DENDE O PQ5+683 AO PQ 8+071 (CONCELLO DA ESTRADA).                | INFRAESTRUTURAS   | 764.368,53 € | 13/12/2023 | F      | 0    |
| 2023062919 | SUBMINISTRACION | SUBMINISTRO DE 93 MONITORES DE 27" NO MARCO PRTR                                                                       | NOVAS TECNOLOXIAS | 12.378,30 €  | 19/12/2023 | F      | 0    |
| 2022025869 | OBRA            | MELLORA DO DRENAXE LONXITUDINAL NA EP9703VILANOVA-PONTEARNELAS PQ 4+270 O PQ 4+950. CONCELLO DE VILANOVA               | INFRAESTRUTURAS   | 101.310,00 € | 22/12/2023 | F.C.O. | 1, 7 |
| 2023020865 | OBRA            | MELLORADASEGURIDADEVIARIANAEP0603PO308-MUÍÑO-CAMPAÑO,DENDEOPQ0+000 AO PQ 1+540 (CONCELLO DE POIO).                     | INFRAESTRUTURAS   | 154.903,20 € | 22/12/2023 | F.C.O. | 1    |



## **II.2. Control financeiro.**

O TRLRFL recolle como unha das modalidades do control interno a desenvolver pola Intervención o control financeiro.

Artigo 213.1 TRLRFL:

1. Se ejercerán en las Entidades Locales con la extensión y efectos que se determina en los artículos siguientes las funciones de control interno respecto de su gestión económica, de los organismos autónomos y de las sociedades mercantiles de ellas dependientes, en sus modalidades de función interventora, función de control financiero, incluida la auditoría de cuentas de las entidades que se determinen reglamentariamente, y función de control de la eficacia.(...)

O artigo 220 do TRLRFL define o control financeiro, como aquel que ten por obxecto:

- (...) comprobar el funcionamiento en el aspecto económico-financiero de los servicios de las entidades locales, de sus organismos autónomos y de las sociedades mercantiles de ellas dependientes.
2. Dicho control tendrá por objeto informar acerca de la adecuada presentación de la información financiera, del cumplimiento de las normas y directrices que sean de aplicación y del grado de eficacia y eficiencia en la consecución de los objetivos previstos.
3. El control financiero se realizará por procedimientos de auditoría de acuerdo con las normas de auditoría del sector público.
4. Como resultado del control efectuado habrá de emitirse informe escrito en el que se haga constar cuantas observaciones y conclusiones se deduzcan del examen practicado. Los informes, conjuntamente con las alegaciones efectuadas por el órgano auditado, serán enviados al Pleno para su examen.”

O RD 424/2017 regula con maior grao de detalle o exercicio deste control financeiro, nas súas modalidades de control financeiro permanente e auditoría, con esixencia de aprobación dun plan anual de control financeiro, actuacións de seguimento e corrección (plan de acción).

O Plan anual de control financeiro e auditoría da Deputación Provincial de Pontevedra correspondente ao ano 2023 foi elaborado pola Intervención con data 9 de maio de 2023, e dación de conta ao Pleno en sesión extraordinaria do 15/09/2023.

- Control financeiro subvencións concedidas.

O control financeiro de subvencións realizado ao abeiro do Plan anual de control financeiro 2023 abrangueu un total de 27 expedientes na modalidade de control financeiro pleno, e 28 de comprobación de investimentos subvencionados pola Deputación, durante o período de adscrición.

Dos 55 expedientes obxecto de control financeiro pleno rematáronse á data de emisión deste informe 42 expedientes, estando os 13 restantes en tramitación. Os traballos de control de investimentos subvencionados foron completados no exercicio.

- Control financeiro ingresos.

No que atinxe ao control financeiro dos ingresos xestionados polo ORAL, con data 4/11/2022 elaborouse por esta Intervención o documento de planificación. O control financeiro limitouse aos expedientes de baixa de valores sen fiscalización previa, e referidos á figura impositiva local de maior transcendencia desde un punto de vista cuantitativo e cualitativo, que é o Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI) – Urbana, cunha selección de 344 expedientes correspondentes con 11 motivos de baixa. Na data de emisión deste informes completáronse as tarefas de revisión, estando pendente de incorporar nun informe provisional os resultados e conclusións deste control.



### **II.3. Auditoría**

*O Plan Anual de Control Financeiro e Auditoría correspondente ao exercicio 2023 incluíu a auditoría das contas 2022 das entidades adscritas e dependentes<sup>2</sup> (Consortio Provincial Contra Incendios e Escola de Enfermería). Así mesmo, incluíuse a auditoría do rexistro de facturas 2022.*

- **Auditoría de contas**

*Para a realización das auditorías de contas do Consortio e da Escola contouse coa colaboración dunha firma privada de auditoría (NETADIA EUROPA S.L.P).*

*O informe e o memorando definitivos das contas anuais 2022 do Consortio Provincial (expediente nº 2023040308) foron asinados en data 21/12/2023. O informe e o memorando das contas anuais 2022 da Escola de Enfermería (expediente nº 2023040309) foron asinados en data 30/10/2023.*

*Nos dous supostos os informes de auditoría conteñen unha opinión denegada. Esta opinión denegada por limitacións ao alcance, fundaméntase na falta de levanza dunha xestión patrimonial, non constando, en moitos dos casos, a documentación correspondente á adquisición, cesión ou adscrición dos bens, sen que exista un inventario físico e contable, polo que non resulta posible a súa verificación.*

- **Auditoría do rexistro de facturas**

*Con data 5/02/2024 emitíuse o informe desta Intervención de auditoría do rexistro de facturas 2022.*

*En todo caso, subsiste a principal discrepancia posta de manifesto na auditoría do rexistro de facturas dos anos anteriores referida á falta de implementación dun rexistro integrado ou interrelacionado coa contabilidade, que pretende solventarse coa implantación do novo sistema de xestión económico-patrimonial.*

### **III. CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS**

*En liñas xerais as conclusións e recomendacións coinciden coas referidas nos informes – resumo dos anos anteriores, sen prexuízo de destacar certos avances e a posta e marcha de medidas de mellora.*

- **Contratación**

*Con carácter xeral os recoñecementos extraxudiciais se corresponden coa fase de recoñecemento das obrigas de gasto, pola existencia de defectos procedimentais e atrasos na*

---

<sup>2</sup> No que respecta á auditoría de contas das entidades adscritas (consorcios), cómpre sinalar a modificación do apartado terceiro do artigo 122 da Lei 40/2015, pola Lei 22/2021, de 28 de decembro, de Orzamento Xerais do Estado para o ano 2022, que limita a obrigabilidade de realización da auditoría de contas dos consorcios a aqueles supostos nos que se superen determinados importes referidos ás partidas de activo, ingresos de xestión ordinaria ou número medio de traballadores. Esta modificación supón a exclusión da obrigabilidade de auditar as contas do Consortio contra Incendios Deza Tabeirós, de xeito que, aínda que a inclusión no Plan anual de control é potestativa para esta Intervención, considerando a falta de acontecementos ou cambios relevantes na estrutura organizativa ou de xestión deste consorcio, optouse por non incluírse no plan deste exercicio.



*execución (vicios) ou gastos de carácter menor cuxa factura se achega no exercicio seguinte (recoñecemento pechados).*

*A redución de reparos e/ou tramitación de expedientes de recoñecemento extraxudicial esixen un esforzo conxunto de toda a organización en materia de planificación e programación da contratación. Debe prestarse especial atención á redución da contratación menor, reservada legalmente para necesidades puntuais e, en ningún caso, para servizos que aínda que poidan ter unha contía reducida, teñen un carácter reiterado ou recorrente.*

*Neste sentido se debe potenciar un control global con implicación dos centros xestores no que atinxe a unha maior racionalización da contratación (potenciación dos acordos marco e sistemas dinámico) con un uso adecuado do contrato menor, evitando os fraccionamentos e contratacións recorrentes.*

- **Subvencións**

*No ámbito das subvencións advírtese da necesidade dun esforzo conxunto para mellorar a tramitación, simplificar e homoxeneizar procedementos e completar o procedemento electrónico destes expedientes.*

*Xunto coa necesidade de dar cumprimento á obriga legal de aprobación dun Plan Estratéxico de Subvencións, reiteramos algunhas medidas propostas nos informes resumo dos anos anteriores, referidas á conveniencia da revisión de liñas de subvencións con múltiples beneficiarios e contías moi reducidas, das que recoméndase valorar o mantemento en base a criterios de eficiencia (excesivo custe de tramitación).*

*Tamén recordamos a conveniencia de revisar a Ordenanza, modelos de bases en réxime de concorrência, así como o contido dos Convenios correspondentes a subvencións nominativas e directas e incorporar unha regulación detallada de acordo coas recomendacións formuladas en materia de control financeiro de subvencións.*

- **Administración electrónica.**

*A transformación dixital das Administracións Públicas esixe un traballo continuo que permita acadar os obxectivos de mellora da eficiencia administrativa, incremento da transparencia e participación, garantía de servizos dixitais facilmente utilizables e mellora da seguridade xurídica.*

*A consecución dunha Administración totalmente electrónica e interconectada, esixe seguir avanzando, a efectos de garantir que a totalidade dos procedementos administrativos se tramiten electrónicamente e que a cidadanía poida relacionarse por estes medios, tanto nos supostos obrigados pola normativa, como naqueles nos que así o decida voluntariamente. O proceso de dixitalización debe tratar de acadar unha simplificación da tramitación administrativa, un mellor cumprimento das esixencias legais e mecanismos de control así como unha maior facilidade de uso e satisfacción por parte da cidadanía.*

*No que atinxe á tramitación procedimental, para acadar unha redución efectiva dos tempos de tramitación estímase necesaria a implantación global dunha tramitación integramente electrónica. A definición e categorización dos tipos de expedientes e subexpedientes, configuración e/ou revisión de circuítos de tramitación automatizados e sinatura electrónica en todos os trámites, permitirían reducir notablemente os tempo de tramitación favorecendo un maior grao de cumprimento.*

*Así mesmo recoméndase a implantación de módulos integrais de tramitación electrónica e interrelacionados cos programas contable e de xestión de expedientes en áreas de especial transcendencia, como recursos humanos ou patrimonio.*



*Recoméndase abordar nos vindeiros exercicios unha revisión dos circuítos e procedementos de tres áreas claves e transversais: contratación, subvencións e procedementos de persoal*

*Respecto dos dous primeiros, resulta necesario o deseño de expedientes e circuítos intelixentes que permitan o aproveitamento e control de datos a partir da definición duns datos básicos exportables ás diferentes fases de tramitación, total integración do expediente, e utilización de ferramentas de intelixencia artificial. Respectos aos procedementos en materia de persoal, recoméndase a revisión e adquisición de novo software e a integración cos sistemas de nóminas, control horario, axudas, dietas e locomocións, entre outros.*

*Con carácter específico e no que atinxe a procedementos xestionados pola Intervención ou Tesorería recoméndase a revisión de procedementos específicos como anticipos de caixa fixa, xestión de ingresos e Boletín.*

- **Contabilidade**

*No informe resumo anual 2020 destacou a insuficiencia do programa contable para desenvolvemento adecuado da xestión económico – financeira e patrimonial desta entidade, recomendando o inicio das actuacións correspondentes para poder levar a cabo a actualización deste sistema.*

*O Plan de acción aprobado por RP número 2021004270 en data 19/07/2021 incluíu como obxectivo prioritario estruturado a execución dun proxecto de modernización do sistema de xestión económico – financeiro e patrimonial da Deputación e entidades adscritas e dependentes.*

*Nos anos anteriores levouse a cabo o deseño e planificación inicial, así como a licitación dos sistemas. Actualmente estanse a desenvolver os traballos de integración e parametrización, con previsión de entrada en funcionamento do novo sistema no mes de maio.*

*A execución deste proxecto debe manter o seu carácter prioritario e completarse a última das fases previstas no Plan, nas que se inclúe a definición e posta en marcha dun primeiro deseño de contabilidade analítica, así como o enlace vinculante da contabilidade co xestor patrimonial proposto por esta Intervención.*

- **Xestión patrimonial**

*A adquisición dun novo sistema informático de tratamento e xestión do patrimonio provincial aborouse de xeito conxunto coa adquisición do programa contable, de xeito que actualmente se está a traballar na implantación e integración de ambos.*

*A consecución dun adecuado sistema de xestión patrimonial esixe unha correcta parametrización do programa adaptada aos manuais de xestión patrimonial (así como a adaptación destes a novo sistema), e dotación dos medios persoais necesarios para garantir un adecuado funcionamento, propoñéndose un sistema de funcionamento descentralizado nas altas (salvo para operacións singulares ou de maior complexidade), con supervisión pola área de Patrimonio. Así mesmo, resulta necesario establecer unha vinculación contable de xeito que non se poda avanzar na fase de recoñecemento da obriga e/ou pago, sen previo enlace coa ficha patrimonial correspondente. Nunha última fase debe abordarse a revisión do Inventario (depuración dos datos anteriores) e conciliación coa contabilidade económico-patrimonial.*

- **Rexistro de facturas**



*Respecto ao rexistro de facturas debe procederse á revisión e mellora de configuración e funcionamento. A regulación legal esixe acadar unha integración ou interrelación do rexistro co programa contable. A consecución deste obxectivo esixe a disposición dun programa contable actualizado que permita integrar o rexistro na contabilidade así como a obtención dos datos referentes á morosidade, PMP e información económica - orzamentaria de remisión periódica, directamente da contabilidade.*

*Coa implantación do novo sistema contable entendemos que poderase dar cumprimento a este obxectivo.*

- **Ciberseguridade**

*A auditoría en materia de ciberseguridade realizada polo Consello de Contas puxo de manifesto incumprimentos nesta materia que cómpre abordar a efectos de garantir o cumprimento da normativa e a seguridade dos sistemas. O grao de desenvolvemento da administración electrónica, o número de sistemas e aplicacións implicados, así como o volume de xestións, pagos e ingresos xestionados electronicamente aconsellan priorizar estas actuacións, propoñéndose a súa inclusión preferente no vindeiro Plan de acción.*

- **Fiscalización e control financeiro**

*A efectos dunha mellora no desenvolvemento das tarefas de fiscalización e control financeiro, destacamos as seguintes propostas de actuación:*

- *Ampliación do ámbito material do control financeiro ata poder abarcar a totalidade de supostos de control financeiro posterior obrigatorio e a inclusión de áreas de risco.*
- *Estudo e revisión do modelo de fiscalización previa con valoración da implantación dunha fiscalización previa limitada e control financeiro posterior en determinadas áreas.*
- *Revisión dos procedementos e modelos de tramitación dos expedientes con vicios ou defectos procedimentais.*

*O cambio esixe unha maior dotación de medios, estudo e revisión do modelo de control, e un adecuado deseño e integración na tramitación electrónica. Na implantación deberase reforzar especialmente (frecuencia temporal e número de expedientes) o control financeiro posterior das áreas de maior risco ou complexidade.*

- **Entidades dependentes**

*Respecto da auditoría de contas de entidades dependentes, a opinión denegada nos informes de auditoría, obedece principalmente á falta dunha xestión patrimonial tanto a nivel de inventario ou patrimonial como contable.*

*O proxecto de modernización da xestión económico – patrimonial en tramitación inclúe as entidades adscritas ou dependentes. Paralelamente e con carácter prioritario, estas entidades deben realizar unha actualización do inventario e regularizar, no seu caso, as cesións e/ou adscricións correspondentes.*

*No que atinxe á Escola de Enfermería recoméndase, ademais, un impulso decidido no proceso de transferencia á Universidade.*

#### **IV. MEDIDAS PROPOSTAS PARA INCLUIR NO PLAN DE ACCIÓN**



*Segundo o disposto no artigo 38 do Real Decreto 424/2017, corresponde á Presidenta da Deputación a formación dun Plan de acción que determine as medidas a adoptar para emendar as debilidades, deficiencias erros e incumprimentos que se poñan de manifesto no Informe resumo dos resultados do control interno, elaborado pola Intervención.*

*O plan de acción elaborárase no prazo máximo de 3 meses desde a remisión deste informe resume ao Pleno e conterá as medidas de corrección a adoptar, os medios para consecución dos mesmos e os responsables de implementalas, así como e o calendario de actuacións a realizar, relativos tanto á xestión da propia Corporación como á dos organismos e entidades públicas adscritas ou dependentes e das que exerza a tutela.*

*Unha vez elaborado, o plan de acción será remitido ao órgano interventor, que valorará a súa adecuación para solventar as deficiencias sinaladas e, no seu caso, os resultados obtidos, e informará ao Pleno sobre a situación da corrección das debilidades postas de manifesto no exercicio do control interno, permitindo así que o Pleno realice un seguimento periódico das medidas correctoras implantadas para a mellora da xestión económico financeira.*

*Por RP de data 2021004270 do 19/07/2021 aprobouse o primeiro Plan de acción Provincial. Dito Plan e os sucesivos articuláronse en torno a un obxectivo prioritario que é a modernización dos sistemas de xestión económico – financeira e patrimonial da Deputación de Pontevedra, como peza clave para acadar da maneira máis eficiente e coas maiores garantías a implantación dunha administración electrónica avanzada e plenamente integrada.*

*O Plan articulou o procedemento en tres de fases, de estudo e deseño, implantación e posta en marcha. Considerando o avance actual no grao de execución deste proxecto, os principais esforzos no exercicio 2024 deben centrarse na finalización do proceso de implantación e formación.*

#### **IV.1. Medidas propostas**

*As medidas propostas por esta Intervención se corresponden con actuacións referidas ao ámbito de xestión económico – orzamentario, control e contabilidade que competen a este órgano, sen prexuízo doutras actuacións que, no seu caso, en base as conclusión e recomendacións deste Informe, sexan acordadas polo órgano competente e incorporadas ao Plan de acción.*

*Así mesmo, as medidas propostas non esgotan a totalidade da actuacións que entendemos como necesarias, si ben responden a unha orde de prelación, en consideración á maior necesidade ou configuración como requisito previo para o avance e planteamento de novas medidas.*

- **Modernización do sistema de xestión económico – financeiro e patrimonial da Deputación e entidade adscritas e dependentes.**

*Como referimos nos Informe anuais anteriores se trata dun obxectivo básico e prioritario en tanto peza clave para o avance en materia de tramitación electrónica e requisito necesario para a consecución doutros obxectivos. Neste exercicio se pretende acadar o cumprimento do obxectivo de implantación do novo sistema de xestión económico-patrimonial, con arranque da contabilidade no novo programa no segundo trimestre do ano, de xeito que a liquidación do exercicio 2024 se realice no novo sistema.*



*A implantación neste exercicio debe incluír ás entidades dependentes, así como o deseño e formulación dun primeiro modelo de contabilidade analítica.*

*Neste sentido recomendamos centrar os esforzos na consecución e cumprimento deste programa.*

#### **Actuacións 2024:**

- *Finalización das actuacións de implementación do novo sistema de xestión económico – financeira e patrimonial da Deputación de Pontevedra e entidades adscritas e dependentes, incluíndo a personalización e deseño do modelo de contabilidade analítica, formación e posta en marcha.*

- **Regularización da xestión patrimonial.**

*No que respecta aos medios materiais, o proxecto de modernización do sistema de xestión económico – patrimonial, configúrase como o instrumento idóneo para unha levanza axeitada do inventario e consecución efectiva da coordinación contable e patrimonial, ao establecerse unha vinculación da alta no inventario coa tramitación de todas as facturas/certificacións de investimentos.*

*Non en tanto, a aplicación non solventa outras cuestións como abordar a estrutura organizativa e o modelo centralizado/descentralizado de xestión coa dotación de medios necesaria e a revisión retroactiva do inventario así como a súa conciliación co patrimonio contabilizado ata a data.*

#### **Actuacións 2024:**

- *Finalización dos traballos de parametrización do módulo de xestión patrimonial. Revisión dos manuais coas adaptacións recíprocas que resulten precisas segundo as necesidades desta entidade (adaptacións do programa segundo o manual, e adaptacións do manual).*
- *Deseño e parametrización da vinculación do sistema contable e patrimonial na fase de recoñecemento da obriga de gasto.*
- *Formación do persoal do Patrimonio que permita un liderazgo do proxecto e a orientación a asistencia aos centros xestores. Recoméndase unha formación específica e diferenciada por centros xestores, adaptados ao tipo de bens xestionados por cada centro, con elaboración de manuais sinxelos e intuitivos que garantan o éxito da implantación.*
- *Deseño e planificación polo Servizo encargado da xestión patrimonial, das actuacións de revisión do Inventario, determinación dos medios e planificación temporal, recomendando non demorar o inicio das tarefas de revisión máis aló do 2025.*

- **Revisión dos procedementos de xestión de ingresos e expedientes relacionados.**

*Recoméndase realizar unha revisión dos procedementos en materia de xestión de ingresos. A revisión debe ter por obxecto a mellora e simplificación dos procedementos, tramitación electrónica dos mesmos, cumprimento da legalidade, revisión do procedemento de control, e maior facilidade de uso e de pago pola cidadanía.*

*A revisión conleva necesariamente unha actividade de programación, polo que ao non contar a Intervención con persoal con coñecementos nesta materia, resulta indispensable á asistencia do servizo de Novas Tecnoloxías. A participación da Tesouraría sería importante, principalmente*



*para definición e programación da tramitación recadatoria para ingresos propios (medios de pagamento, aprazamentos, fraccionamentos e executiva). Resulta especialmente recomendable que as actuacións de revisión destes circuitos se inicien e desenvolvan nos aspectos principais de xeito simultáneo a implementación e posta en marcha do novo sistema de xestión contable.*

*No que atinxe ao servizo de publicacións no Boletín, a revisión do procedemento de xestión e pago debe acompañarse dunha revisión organizativa con cambio de adscripción (actualmente adscrito a esta Intervención), en tanto que debe ser integrado no servizo que corresponda acorde coa súa natureza, sen prexuízo das tarefas que, en materia de xestión de ingresos do Boletín, continúen a ser xestionadas pola Intervención e/ou Tesouraría.*

#### **Actuacións 2024:**

- *Deseño e implantación dun procedemento automatizado e de tramitación integramente electrónica en materia de xestión de anuncios no BOP.*
- *Cambio de adscripción do procedemento de xestión de anuncios no BOP.*
- *Revisión da regulación (ordenanza/acordo regulador) dos principais ingresos de carácter recorrente desta Deputación coa finalidade de mellora da regulación e simplificación e automatización dos procesos de xestión e pagamento.*
- *Deseño e revisión dos procedementos e circuitos xerais en materia de ingresos.*

##### ○ **Ciberseguridade**

*Aínda que se trata dunha cuestión que corresponde ao servizo de Novas Tecnoloxías, as implicacións globais desta materia, e as repercusión en materia económica que puidesen derivar, considérase unha cuestión clave e de atención prioritaria para esta Deputación. A actuación debe ser liderada polo Servizo de Novas Tecnoloxías, sen prexuízo da colaboración doutros servizos e órganos, como a Intervención e Tesouraría, respecto daquelas cuestións que impliquen á xestión de pagos e ingresos.*

#### **Actuacións 2024:**

- *Deseño e planificación dun proxecto para cumprimento da normativa en materia de ciberseguridade, con especial referencia á prevención de ciberataques con impacto económico.*

##### ○ **Control financeiro posterior**

*A pesares da regulación legal respecto das obrigas en materia de control financeiro posterior e da clara vontade desta Intervención de incrementar o ámbito do control, a importante carga de traballo e a limitación de medios dificultan a ampliación.*

*O Plan anual 2022 incluíu por primeira vez actuacións de control financeiro posterior en materia de ingresos, en concreto no ámbito de recursos xestionados por delegación polo ORAL. Segundo detalla o documento de planificación as actuacións de control centráronse nos expedientes de baixa de valores sen fiscalización previa, referidos á figura impositiva local de maior transcendencia desde un punto de vista cuantitativo e cualitativo, que é o Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI) – Urbana. Por limitación de medios este control pospúxose ao plan do 2023.*

*A realización deste control non só permite dar cumprimento á obriga legal, senón que tamén posibilita unha revisión dos expedientes e formulación, no seu caso, de propostas de mellora na tramitación.*



Na medida do posible recoméndase continuar coas actuacións de control financeiro dos ingresos xestionados polo ORAL.

#### **Actuacións 2024:**

- *Inclusión no Plan anual de control financeiro 2024 de novas actuacións en materia de control financeiro posterior de ingresos xestionados polo ORAL.*

- **Subvencións.**

*En materia de subvencións destacamos as seguintes necesidades:*

- *Elaboración dun Plan Estratéxico de Subvencións.*
- *Revisión da normativa propia en materia de subvencións (Ordenanza Xeral, Bases de execución) co obxecto de resolver de xeito expreso, deficiencias ou problemas de interpretación detectados en fase de fiscalización ou control financeiro de subvencións.*
- *Deseño dos modelos de convenios reguladores das subvencións directas e nominativas.*
- *Revisión dos expedientes electrónicos, formularios e circuitos de tramitación, con estandarización de procesos e formularios e configuración de circuitos e trámites automatizados, permitindo unha maior celeridade en materia de tramitación e control dos expedientes.*

#### **Actuacións 2024:**

- *Elaboración e aprobación dun Plan Estratéxico de subvencións.*
- *Presentación dunha proposta de Ordenanza e modelos de Convenio adaptados a un procedemento de tramitación integramente electrónico.*

- **Entidades adscritas ou dependentes.**

*A xustificación da denegación da opinión nas auditorías das contas das entidades adscritas e dependentes obedece a falta de implantación dunha xestión patrimonial e inexistencia dun inventario actualizado patrimonial e contable.*

*Os Plans de acción anteriores incluíron a estas entidades no ámbito subxectivo do proxecto de modernización do sistema de xestión económico financeiro e patrimonial, de xeito que a implantación dos novos sistemas permitirá a estas entidades dispoñer dunha ferramenta de xestión patrimonial plenamente integrada coa contabilidade a efectos da consecución do obxectivo dunha levanza axeitada do inventario e da contabilidade patrimonial. A implantación destes novos sistemas de xestión completárase no exercicio 2024.*

*Non en tanto, e en atención as deficiencias referidas na auditoría no que atinxe á falta de documentación, acordos de adscrición, cesión ou titularidade de certos bens, deberá levarase a cabo simultaneamente un proceso de revisión e actualización do Inventario con regularización da situación xurídica dos bens que corresponda.*

*Así mesmo, e considerando a competencia impropia que se vén exercendo respecto da Escola de Enfermería deberase iniciar e/ou impulsar o procedemento de transferencia da Escola.*

#### **Actuacións 2024**

- *Implantación e posta en marcha dos novos sistemas de xestión contable e patrimonial.*
- *Deseño e execución da revisión e regularización do Inventario das entidades adscritas e dependentes.*
- *Inicio das actuacións para promover a transferencia da Escola de Enfermería.*



- **Outras consideracións.**

*As actuacións propostas non abranguen a totalidade das necesidades, por imposibilidade de atención cos medios dispoñibles e a conveniencia de concentrar os esforzos en actuacións de carácter prioritario no medio prazo.*

*Así mesmo, existen actuacións que exceden do ámbito desta Intervención, cuxo deseño e planificación compete a outros servizos. Así, por exemplo, a revisión da tramitación electrónica dos expedientes co obxecto de definir circuitos e operacións automatizadas, recomendándose empezar pola revisión dos expedientes de contratación, incluíndo todas as fases, isto é preparación e adxudicación así como execución (módulo de certificacións, garantía, recepción, liquidación,...) e os expedientes de subvencións, así como a revisión dos sistemas de xestión dos recursos humanos, de xeito que, ben con aplicativos dispoñibles no mercado ou de desenvolvemento propio, se desenvolvan funcionalidades que permitan unha tramitación máis automatizada e integrada dos procedementos.*

#### **IV.2. Actuacións correctoras xa implementadas ou en trámite.**

- *Actuacións de deseño dun novo sistema de xestión económico – financeiro e patrimonial*

*O anteriores Plans de acción Provincial da Deputación de Pontevedra, centraron os esforzos no proxecto xa referido de modernización do sistema de xestión económico – financeira e patrimonial. O proxecto estruturouse en tres fases:*

- *1ª fase: 2021. Determinación do ámbito material do proxecto. Planificación das actuacións para implantación do modelo de xestión patrimonial. Elaboración dos pregos reguladores da contratación.*
- *2ª fase: 2022. Contratación, personalización e deseño do modelo. Actuacións de implantación e formación.*
- *3ª fase: 2023. Posta en marcha dos novos sistemas de información.*

*A mediados de 2022 procedeuse a licitación deste proxecto, si ben o mesmo foi declarado deserto a non acadar a única das ofertas presentadas a puntuación mínima esixible respecto dos criterios avaliábles mediante xuízo de valor. Esta situación, a posterior revisión dos prezos e tramitación dunha nova licitación demorou en arredor de medio ano o proceso, obrigou a unha revisión da planificación estimada respecto das fases pendentes, de conformidade co seguinte:*

- *2ª fase: 2023. Contratación, personalización e deseño do modelo. Actuacións de implantación e formación.*
- *3ª fase: 2024. Posta en marcha dos novos sistemas de información.*

*Os traballos de configuración e parametrización dos novos sistemas iniciáronse no ano 2023, estando pendentes de completar neste exercicio, con previsión de arranque no mes de maio. Unha vez postos en marcha será preciso abordar tarefas de revisión, formación do persoal, así como o deseño e implantación dun primeiro modelo de contabilidade analítica.*

- *Outras actuacións implementadas ou en marcha:*



- *Control financeiro*

*No Plan anual de control financeiro 2022 ampliouse o ámbito obxectivo do control, incluíndo por primeira vez actuacións de control posterior en materia de ingresos xestionados polo ORAL. Por mor da carga de traballo, a execución destes traballos demorouse ao exercicio 2023. A revisión dos expedientes incluídos no documento de planificación foi finalizada, estando pendente da volcar os resultados no documento de informe provisional.*

## **V. VALORACIÓN DA EXECUCIÓN DO PLAN DE ACCIÓN 2023.**

*Con data 13/03/2023 emitíuse o Informe resumo da Intervención Provincial dos resultados do control interno no exercicio 2022, remitido a IGAE en data 3/04/2023. Como resultado do control efectuado propúxose pola Intervención a adopción dunha serie de medidas de corrección e mellora.*

*Tomando en consideración as recomendacións e propostas de actuacións sinaladas no Informe da Intervención provincial, elaborouse o Plan de acción Provincial 2023, aprobado por RP número 2023003638, de data 04/05/2023.*

*Como sinala o referido Plan, a determinación das actuacións propostas adecuouse a criterios realistas, condicionado polos medios dispoñibles e prazo de execución do Plan, articulando o Plan de acción en torno a o obxectivo prioritario, xa sinalado no plan anterior, de modernización do sistema de xestión económico – financeiro e patrimonial da Deputación de Pontevedra e entidades adscritas e dependentes, concentrando así a atención e os esforzos deste terceiro plan de acción na contratación, personalización e deseño do modelo de xestión económico-financeiro e patrimonial e inicio das actuacións de implantación, formación e posta en marcha.*

*Como referimos no apartado anterior, o Plan articulou esta medida en tres fases a executar en tres anualidades, unha primeira de deseño e planificación, unha segunda de licitación, formación e implantación e unha terceira de posta en marcha.*

*A primeira fase desenvolveuse con certo atraso, finalizando no primeiro trimestre do 2022. O procedemento de contratación licitouse no mes de xullo do ano 2022, si ben a declaración de deserto obrigou a unha revisión dos pregos e inicio dunha nova tramitación, o que supuxo unha demora de máis de seis meses nos tempos de tramitación.*

*O Plan de acción 2023 incorporou a revisión da planificación estimada, con previsión de completar a execución da segunda fase no exercicio 2023:*

*“2ª fase: Contratación. Personalización e deseño do modelo. Actuacións de implantación e formación.*

*Con data 14/04/2023 adxudicouse á entidade T-Systems o contrato para subministro, implantación e mantemento do novo sistema de xestión económico-financeiro e patrimonial para a Deputación de Pontevedra (expediente 2022070144), estando prevista a formalización e arranque do proceso no mes de maio, con inicio do seguinte exercicio contable no novo sistema contable.*

*O que resta de ano, prevese acometer os traballos para implantación do novo sistema contable garantindo a integración e interrelación cos xestores de datos, aplicacións e sistemas concorrentes. Así mesmo, levarase a cabo o estudo e definición dunha primeira versión do proxecto de contabilidade analítica e implementación do sistema de xestión patrimonial.”*



*Na anualidade 2023 formalizouse o contrato coa entidade T-Systems, cunha demora no inicio dos traballos por falta de dispoñibilidade da entidade adxudicataria. Considerando o estado actual de tramitación prevese completar a segunda fase neste anualidade, así como á planificada para o 2024.*

*Aínda que este retraso supón un incumprimento do cronograma contido no Plan de acción, valorase positivamente o grao de avance do proxecto, con previsión de completar a segunda fase e a totalidade da actuación prevista no ano 2024.”*

A Comisión informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda queda enterada do contido do **informe de Intervención resume dos resultados do control interno correspondente ao exercicio 2023**, en relación ó disposto no artigo 37 do Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades locais, así como nos artigos 213 e seguintes do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

## **15. ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se produciron

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dáse por finalizado o acto, sendo as doce horas e dez minutos do día arriba sinalado, do que, como Secretario, dou fe.

O Secretario da Comisión  
Asdo.: José Antonio Gulías Varela  
(Documento asinado electrónicamente ó marxe)

